


**PROGRAMACIÓN
ANUAL
DE
EDUCACIÓN
INFANTIL**

**Colexio “Escultor Acuña”
Curso 2021-2022**



EQUIPO DOCENTE DE EI

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN

Nº	APARTADO DA PROGRAMACIÓN	PÁXINA
1.	<u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</u>	4
2.	<u>CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS</u>	7
3.	<u>OBXECTIVOS E SECUENCIACIÓN DOS MESMOS</u>	30
4.	<u>CONTIDOS</u>	39
5.	<u>SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS</u>	
6.	<u>ACTIVIDADES</u>	60
7.	<u>TEMPORALIZACIÓN</u>	63
8.	<u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u>	64
9.	<u>INDICADORES DE AVALIACIÓN</u>	70
10.	<u>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</u>	78
11.	<u>METODOLOXÍA. EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL</u>	82
12.	<u>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	95
13.	<u>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</u>	97
14.	<u>CONCRECIÓN DO PLAN TIC</u>	103
15.	<u>ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA E EDUCACIÓN EN VALORES</u>	104
16.	<u>ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO E LECTOR</u>	111
17.	<u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</u>	113

18.	<u>PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN</u>	115
19.	<u>ANEXOS</u>	117

ADVERTENCIA PREVIA

A necesaria referencia ao contexto Covid que agardamos dea paso durante este curso ao contexto escolar de normalidade fai que o presente documento se complete con diferentes plans de centro, especialmente co PLAN DE ENSINO VIRTUAL que de ser o caso se implementaría nas aulas. É por eso que esta programación se presenta de modo provisional e será revisada e adaptada se as circunstancias o requiren ao principio do segundo trimestre deste curso escolar.

EQUIPO DOCENTE DO CICLO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O equipo de mestras de Educación Infantil do Colexio Escultor Acuña de Vigo, en reunións conxuntas e tendo como referencia o marco legal do *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009)*, o Proxecto Educativo de Centro e o desenvolvemento evolutivo dos nenos/as de entre 3 e 6 anos, elaboraron a presente programación.

A finalidade da Educación Infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e as nenas. Así pois, elaborar a Programación de ciclo é unha das tarefas máis importantes que compete ao equipo de mestras. O éxito do proceso de ensino-aprendizaxe depende, en gran medida, de que se clarifiquen previamente os obxectivos e de que se consensúe de forma harmonizada e sistemática o plan de acción para a etapa educativa nos seus diversos aspectos: que debe aprender o alumno

(contidos), cando (secuencia de obxectivos e contidos), para que (capacidades finais dos alumnos), como e con que medios (metodoloxía). Todos estes elementos, xunto co desenvolvemento das competencias básicas, a formulación de atención á diversidade do alumnado, a educación en valores e a determinación dos criterios de avaliación configuran a programación didáctica. Dita Programación didáctica convértese deste xeito nun instrumento práctico e público que permite a cada mestre/a encadrar as súas programacións de aula nun marco conxunto de actuación, e a todos os axentes educativos (dirección, mestres/as, familias e alumnado) coñecer a proposta pedagóxica para a etapa da educación infantil, así como as correccións xerais que poden suscitarse e os mecanismos de ampliación, reforzo ou adaptación que deben poñerse en marcha.

Nas actuais circunstancias provocadas pola pandemia da COVID-19, as restricións sanitarias e os protocolos de actuación desenvolvidos no centro tamén determinarán a presente programación.

O Colexio Escultor Acuña comezou a súa andaina no curso 1987 como un centro público de dobre liña, pero xa dende o comezo coa idea de ser un centro de referencia para a educación de nenas e nenos hipoacúsicos, tendo polo tanto á **integración** como fundamento da súa existencia. Esta proposta inicial, que segue a ser un dos seus sinais de identidade, foi e é unha característica definitoria. A esta característica é moi importante engadir, neste curso escolar, as medidas sanitarias necesarias.

Os recursos materiais e humanos, así como os espazos do centro tiveron que adaptarse para poder levar a cabo o Protocolo COVID elaborado no centro.

O centro consta de 6 unidades de Educación Infantil, 13 unidades de Educación Primaria, 6 unidades de Audición e Linguaxe, 2 unidades de Pedagogía terapéutica, aula de Música, aula de Inglés, Ximnasio, Biblioteca

(o seu uso está restrinxido de xeito temporal ao profesorado e o equipo de voluntarios), aula de psicomotricidade, comedor escolar e transporte escolar.

Ten xornada continuada de 9 a 2 con 5 sesións diarias e 2 recreos de 25 minutos para minimizar o contacto entre diferentes grupos burbulla (11.15 a 11.45 ciclo de infantil).

O alumnado deste centro procede de familias cunha situación económica media-baixa. A maioría son traballadores por conta allea, en fábricas, construción e servizos. O ambiente familiar, económico e afectivo é estable, sen grandes conflitos e problemas influíndo de forma positiva na tarefa educativa e na relación co colexio.

A porcentaxe de alumnado inmigrante está en continuo aumento. A convivencia entre o alumnado de diferentes culturas é positiva favorecendo a súa inclusión.

O colexio conta con 6 aulas de educación infantil, dúas aulas para cada nivel. Estas atópanse situadas no 1º andar do edificio principal e todas contan con baño no seu interior. Atendendo as normas sanitarias do protocolo COVID o aforo destes baños será de un/ha alumn@.

Educación infantil conta cun patio aberto con algúns xogos exteriores, unha ampla zona de herba con árbores e un patio cuberto para os días de chuvia que tamén sería convinte ampliar xa que semella un espazo moi reducido para albergar ao alumnado. Este curso o patio dividiuse en 6 zonas para poder utilizalo de forma separada polas 6 aulas de infantil. O patio tamén é usado polo 1º e 2º nivel de educación Primaria en diferente horario. Este ano inclúise nunha zona do patio un rocódromo e estamos a espera da construción dun areeiro e a instalación de bambáns, unha cociña e un

teatro, atendendo así as propostas que xurdiron do proxecto levado a cabo o pasado curso de patios activos.

Neste curso, educación infantil conta con 106 alumnos /as matriculados repartidos en seis aulas. Dadas as características do noso Centro e a súa longa tradición axudando a alumnado xordo, en educación infantil temos 4 alumnos/as con diversidade funcional auditiva, 4 nenos/as con TEA e outros/as alumnos/as con outro tipo de N.E.A.E. como por exemplo retraso da linguaxe, retraso madurativo, polo que contamos co apoio de varias mestras de A.L., tres coidadoras e intérpretes de LSE. Algúns reciben atención tamén dunha mestra de P.T.

Ao alumnado de EI impártenselle semanalmente dúas horas de psicomotricidade, unha hora de música e unha hora de lingua estranxeira (inglés).

2. CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As Competencias Clave teñen un gran valor educativo, son comúns para toda a Unión Europea e deben estar recollidas nas Programacións Anuais. Defínense como aquelas competencias que debe ter desenrolado o alumnado ao finalizar a ensinanza obrigatoria para poder lograr a súa realización personal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenrolar unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

As finalidade das mesmas serían: integrar as diferentes aprendizaxes formais e non formais nas diferentes situación e contextos e orientar a ensinanza.

É necesario ter presente que as competencias básicas cambiaron coa publicación do Real decreto 126/2014 de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de educación primaria e no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia. Redúcense a 7 e pasarán a chamarse competencias clave. Estas competencias clave ou chave, non afectarán á nosa etapa, polo que seguiremos traballando coas oito competencias básicas do Decreto 330/2009 de 4 de xuño.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar ata os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As características principais das Competencias Clave serían:

- Son multifuncionais, pois permiten a realización e o desenvolvemento persoal ao longo da vida.
- Son transferibles, pois aplícanse en múltiples situación e contextos para conseguir distintos obxetivos e resolver situacións ou problemas variados.
- Son transversais e interdisciplinares ás áreas e materias curriculares porque o seu aprendizaxe non é exclusivo dunha delas.
- Son integradoras, porque combinan coñecementos (saber), destrezas (hacer) e actitudes (querer).

- E son dinámicas, porque as competencias das persoas carecen de límites e constrúense ao longo de toda a vida.

CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Como xa mencionamos anteriormente as competencias son aqueles coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para que unha persoa alcance o seu desenvolvemento persoal, escolar e social. Estas competencias alcánzaas o alumnado a través do currículo formal, das actividades non formais e das distintas situacións ás que se enfrenta no día a día, tanto na escola, como na casa ou na vida social.

A competencia demostra o alumnado cando é capaz de actuar, de resolver, de producir ou de transformar a realidade a través das tarefas que se lle propoñen. Adquírense e melloran ao longo da vida nun proceso que pode ser secuenciado e valorado nas distintas fases da secuencia.

A Comunidade Autónoma de Galicia incorpora oito competencias básicas establecidas no Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo cal se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:

- *Competencia en comunicación lingüística*
- *Competencia matemática*
- *Tratamento da información e competencia dixital*
- *Competencia en coñecemento e interacción co mundo físico*
- *Aprender a aprender.*
- *Competencia social e cidadana.*
- *Autonomía e iniciativa persoal.*
- *Competencia cultural e artística.*

a. Competencia en comunicación lingüística.

Esta competencia está referida ao uso polo neno e a nena das catro destrezas da linguaxe (escoitar, falar, ler e escribir) para construír o pensamento, expresar e interpretar ideas, sentimentos ou feitos de forma apropiada e en distintos contextos sociais e culturais e para regular a conduta, tanto na lingua propia como no resto das linguas que se utilizan na aprendizaxe. No caso do neno e a nena de Educación infantil as destrezas de escoitar e falar son prioritarias nas linguas oficiais e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e relatos. Neste momento do proceso, o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística está intimamente ligado, tanto na comprensión como na expresión, co o uso do resto de códigos de comunicación, principalmente co xesto e o movemento mediante a linguaxe corporal e ao uso da imaxe e a representación coa linguaxe icónica.

O uso destas linguaxes potencia o desenvolvemento das habilidades lingüísticas e permite, crear vínculos cos demais e coa contorna, transformar a realidade, construír a convivencia e desenvolver unha personalidade firme e segura. A nena e o neno de cinco anos e de seis, para as nadas e nados a partir de xaneiro do ano en curso, son competentes para expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario adecuado á súa idade; de describir obxectos, persoas e situacións; e de comprender a información dun conto ou relato lido ou contado por outros e a información visual de viñetas, contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas, xornais, sinais de tráfico; de memorizar e recitar poesías, refráns e cancións en lingua propia e estranxeira. Así mesmo é competente para relatar e inventar pequenas historias a partir das súas vivencias, contos ou imaxes; e de utilizar un vocabulario semellante organizado en torno a rutinas de comunicación e comprensión en lingua

estranxeira. E para rematar, é competente para ler e escribir palabras e frases relevantes relativas á súa contorna e vivencias.

b. Competencia matemática

Na Educación infantil, póñense as bases para que a nena e o neno constrúan de forma coherente as habilidades matemáticas e científicas e as usen de forma automatizada. Nesta etapa accede, mediante a manipulación e o conteo, ao concepto e representación do número e ao comezo das operacións básicas da suma como adición e da resta como subtracción. Ademais adquire os conceptos básicos imprescindibles para comprender e interpretar a realidade a través das formas, o uso do tempo e a representación do espazo. A combinación destes elementos permítelle construír o pensamento lóxico e utilízalo para resolver problemas sinxelos que na aula preséntanselle de xeito guiado e na sociedade aparecen de forma natural. A nena e o neno de cinco ou seis anos son competentes para identificar e utilizar os cuantificadores básicos de cantidade, tamaño, espaciais, temporais...; os números de, polo menos un só dígito e asocialos á cantidade; de identificar, nomear e representar as formas xeométricas básicas; de ordenar obxectos, números, formas, cores...atendendo a dous ou máis criterios; e de resolver pequenos problemas xuntando e quitando.

c. Competencia do coñecemento e interacción co mundo físico.

A través desta competencia preténdese que o alumnado teña noicións básicas espazo- temporais e interactúe co seu entorno máis próximo polo que se farán actividades de exploración, investigación, observación e manipulación sempre adaptadas as novas medidas de hixiene e seguridade. O que se quere alcanzar con esta competencia é que os máis

pequenos/as sexan autónomos na súa vida cotidiá e que saiban desenrolarse nas situacións do seu día a día

O neno e a nena nesta etapa amplían o coñecemento do mundo que lle rodea a través da interacción coas persoas, a manipulación dos obxectos e da exploración do espazo e do tempo, fundamentalmente en situacións de xogo. O nome, e as calidades do propio corpo e o dos outros, os obxectos, as contornas naturais e sociais e as persoas vainos coñecendo e integrando en esquemas cada vez máis complexos que, á súa vez, sérvেনlle de base para novas aprendizaxes e para interpretar a realidade.

O desenvolvemento desta habilidade para interactuar co mundo que lle rodea iralle permitindo anticipar situacións e evitar riscos, construír os hábitos básicos de supervivencia e saúde, para coñecer os efectos que a súa actuación produce e para actuar con respecto cara ás plantas, animais, obxectos...

A nena e o neno de cinco ou seis anos son competentes para localizar e orientarse en espazos cotiáns; para situarse no tempo (ontem, hoxe, mañá, un día, unha semana, as estacións...) e localizar acontecementos relevantes; e para identificar e definir pola súa utilidade os elementos representativos da realidade máis próxima: grupos sociais, profesionais, elementos urbanos e naturais, animais, medios de comunicación e transporte, manifestacións culturais e artísticas.

d. Tratamento da información e competencia dixital

O ordenador e o resto dos medios audiovisuais son ferramentas atractivas para a nena e o neno que espertan o seu interese por xogar. En Educación infantil a nena e o neno desenvolven a competencia suficiente no uso de mecanismos de acceso, como acender e apagar, usar o rato ou

as iconas ou imprimir; de procura de información abrindo e pechando fiestras para localizar e extraer, seguir enlaces, manexar programas sinxelos e pechar; e de utilizar programas sinxelos de “debuxo” para expresarse.

e. Competencia social e cidadá.

Nesta etapa adquirense e desenvólvense habilidades de respecto e cumprimento da norma nun momento claramente individualista no que a relación cos adultos e outros nenos e nenas está claramente asociada á actividade que se realiza.

A nena e o neno, son competentes para escoitar de forma atenta cando se lles fala, de gardar unha quenda, de presentarse, de prestar axuda, de compartir e respectar as normas do xogo, ademais de participar na súa elaboración. Esta competencia está asociada ao efecto que produce tanto o comportamento adaptado como o inadaptado pero, a través dela, constrúese a relación social. Desde esta base iníciase o comportamento cidadán e democrático.

f. Competencia cultural e artística.

Nesta etapa, no mesmo contexto de achegamento ao mundo que lle rodea prodúcese o coñecemento, comprensión, uso e valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas que forman parte do patrimonio propio dos pobos; e de forma paralela desenvólvese a competencia para comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos, de utilizar o propio corpo como un elemento expresivo máis, capaz de expresar sentimentos, emocións ou vivencias, de seguir un ritmo e de utilizar o canto asociado ou non ao movemento.

Todas estas habilidades que conforman a competencia cultural e artística axudan ás nenas e nenos a xeneralizar o seu dominio do corpo, a gozar con elas e ensínanlles, desde o xogo, a utilizar o lecer de forma activa, desenvolvendo valores de esforzo persoal solidario.

g. Competencia para aprender a aprender.

Durante a etapa infantil constrúese e alcánzase un nivel básico naquelas habilidades que permiten á nena e ao neno “aprender” gozando e facelo dun xeito eficaz e autónomo de acordo coas esixencias de cada situación.

Neste período aprende a utilizar a observación, manipulación e exploración para coñecer mellor o mundo que lle rodea; organiza a información que recolle de acordo coas súas calidades e categorías; establece sinxelas relacións causa e efecto en función das consecuencias; habitúase a respectar unhas normas básicas sobre o traballo, a postura necesaria, o seu tempo e espazo e o uso dos materiais e recursos de forma ordenada e coidadosa.

h. Autonomía e iniciativa persoal.

Esta competencia constrúese desde o coñecemento de si mesmo e maniféstase a través dun uso cada vez máis eficaz do propio corpo no desenvolvemento das rutinas, no incremento de iniciativas e alternativas ás mesmas, na seguridade que se adquire ao realizar as actividades, no cálculo de riscos e na responsabilidade por concluílas dunha forma cada vez máis correcta e na capacidade por axuizalas de forma crítica.

A nena e o neno de cinco e seis anos a medida que coñece e controla o seu corpo mentres actúa, móstrase seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles; de concluír as rutinas persoais de alimentación, vestido,

aseo e descanso con maior eficacia e sos e de abordar novas tarefas e iniciativas asumindo certos riscos que é capaz de controlar.

Especialmente este ano teremos presente a competencia emocional, coidando a incorporación do alumnado ao ámbito escolar logo de moitos meses, achegarse a un novo xeito de relacionarnos, respectar as normas sanitarias que nos coidan e protexen, xestionar os medos ante o descoñecido,...

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE POR ÁREAS:

ÁREA DE COÑECIMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Autonomía e iniciativa persoal

O alumno/a deberá iniciarse nas capacidades de:

- Coñecer e controlar o seu propio corpo.
- Recoñecerse como unha persoa diferenciada das demais, identificando as propias características e valorando a diversidade como unha realidade enriquecedora.
- Recoñecer e aceptar as propias calidades e capacidades e as dos demais, comprendendo que todos teñen os mesmos dereitos.
- Tomar conciencia das súas propias necesidades e sentimentos, desenvolvendo sensibilidade e respecto cara aos dos outros.
- Comprender e interiorizar que hai criterios, regras e convencións externas e regular a súa conducta en función deles nos diferentes ámbitos nos que participa.

- Adquirir gradualmente maior autonomía aprendendo dos erros e asumindo certos riscos.
- Manter o equilibrio e control de movementos en xogos e actividades de exercicio físico.
- Desenvolver estratexias, habilidades e destrezas, para satisfacer as súas necesidades básicas de alimentación, vestido, aseo e descanso de xeito progresivamente máis eficaz e autónoma.
- Utilizar obxectos e instrumentos de traballo que lle permiten resolver problemas e realizar actividades diversas.
- Poñer en práctica medidas preventivas e de seguridade para preservar a súa saúde, evitando accidentes e riscos na escola e fóra dela.
- Recoñecer situacións que lle provocan agrado, benestar, temor, desconfianza ou intranquilidade e expresar o que sente.

Contribución da área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal ao desenvolvemento doutras competencias.

Competencia en comunicación lingüística

Os nenos e nenas inician o desenvolvemento desta competencia, a partir da estruturación do coñecemento de si mesmo e o desenvolvemento da autoestima, aprendendo a facer un adecuado uso da linguaxe como medio para expresar e comunicar as súas vivencias, opinións, necesidades, sentimentos, emocións e preferencias, así como a escoitar as dos outros, especialmente as dos seus iguais. Isto supón a exercitación de habilidades de comunicación oral como a participación en diálogos e conversacións, respectando a quenda de palabra e as intervencións dos demais.

Competencia matemática

Nocións como o coñecemento do número de partes que teñen os segmentos do corpo, a resolución de problemas e a ordenación de secuencias da vida cotiá contribúen ao desenvolvemento de habilidades relacionadas con dita competencia tales como o coñecemento de aspectos cuantitativos, a planificación, a obtención de información e a valoración dos resultados. Doutra banda, contribúese tamén ao desenvolvemento desta competencia mediante a interpretación e representación da realidade que se realiza ao traballar contidos relacionados coa situación do neno/a no espazo e a súa relación cos obxectos, así como na estimación intuitiva do tempo que realiza a través das rutinas diarias.

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

Desde esta área o neno e a nena desenvolven as capacidades necesarias para unha adecuada percepción da súa contorna máis próxima, para interactuar, moverse e orientarse nos espazos cotiáns con autonomía e iniciativa persoal, así como para adquirir adecuados hábitos relacionados coa saúde e o consumo como xeradores de benestar individual e colectivo.

Tamén contribúe a que tomen progresivamente conciencia da influencia que teñen as persoas e a súa actividade no medio e da importancia do coidado da contorna como un elemento importante para o benestar persoal. Ao suscitar actividades onde os nenos/as expresen as súas opinións persoais respecto diso, estaremos facilitando o desenvolvemento do espírito crítico necesario para a observación e a análise da realidade circundante.

Competencia social e cidadá

Esta área contribúe ao seu desenvolvemento na medida en que o neno/a vai sendo capaz de expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, adecuar o seu comportamento ás necesidades e requerimentos dos outros, participar activamente na vida da aula aceptando as normas de convivencia e utilizar o diálogo e a negociación como forma de resolver os conflitos.

Doutra banda, o neno/a elabora a propia identidade, en gran medida no seu proceso de socialización, a partir das valoracións que os seus iguais e os adultos fan sobre as súas capacidades e o seu comportamento. Si estas son favorables, a imaxe que se forma de si mesmo estará impregnada de sensacións de competencia, seguridade e autoestima, que contribuirán á construción dun autoconcepto positivo, permitindo ao neno/a desenvolver un dos alicerces básicos das habilidades sociais necesarias para o desenvolvemento da competencia social e cidadá.

Tratamento da información e competencia dixital

Os nenos iníciáanse no desenvolvemento desta competencia cando, dunha forma natural, a través do xogo e de aprendizaxes moi sinxelas e funcionais, van desenvolvendo as habilidades e destrezas necesarias para usar con iniciativa e unha progresiva autonomía as tecnoloxías da información e a comunicación (o ordenador, os programas multimedia e o resto dos medios audiovisuais) para expresarse e obter información. Paralelamente, e guiados polo adulto, irán desenvolvendo, de forma progresiva, a capacidade de tratar e seleccionar a información que reciben cunha actitude crítica e reflexiva.

Aprender a aprender

As actividades que se propoñen nesta área para conseguir o autoconhecimento contribúen a iniciar o desenvolvemento desta competencia. Na medida en que o neno e a nena van coñecendo as súas propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas) e limitacións, toman conciencia do que poden facer por si mesmos. Deste xeito, van adquirindo confianza en si mesmos e desenvolvendo un sentimento de competencia persoal que favorecerá a motivación e o gusto por aprender, esforzándose por alcanzar novas metas.

Competencia cultural e artística

Esta área contribúe á adquisición desta competencia mediante a utilización dos sentidos en actividades relacionadas coa percepción e apreciación de distintas manifestacións artísticas e culturais (obras de arte, audicións musicais, representacións teatrais, danza...) e as sensacións e sentimentos que estas lles producen.

Tamén o fai mediante o recoñecemento doutras manifestacións propias da súa contorna cultural relacionadas co desenvolvemento da motricidade, tales como os deportes e os xogos tradicionais. Doutra banda, o debuxo é o modo máis natural de expresión dos nenos/as destas idades. A través del irá desenvolvendo o seu esquema corporal.

ÁREA DE COÑECIMENTO DA CONTORNA

Coñecemento e interacción co mundo físico

O alumnado deberá iniciarse nas capacidades de:

- Interactuar co espazo físico circundante como medio para coñecer os elementos naturais e sociais que o conforman.
- Moverse na súa contorna máis próxima con certa autonomía, mostrando iniciativa para resolver os problemas que poida atopar para desenvolverse nel con certa seguridade.
- Identificar as características do medio natural mediante a exploración e manipulación dos seus elementos, tanto vivos (animais e plantas) como inertes (o sol, rocas, nubes, ríos...).
- Identificar algunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Recoñecer a súa capacidade para actuar e producir transformacións nalgúns elementos do medio.
- Facer un uso responsable dos recursos naturais e desenvolver hábitos de consumo racional.
- Participar en actividades para o coidado e a conservación da natureza e do medio ambiente.
- Recoñecer a importancia que ten o coidado da natureza para o benestar e a saúde individual e colectiva.
- Valorar a influencia que os fenómenos do medio natural exercen sobre a vida das persoas (alternancia de día e noites, choiva...).
- Recoñecer a importancia de realizar actividades en contacto coa natureza para o benestar e a saúde
- Realizar actividades de indagación científica, realizando observacións, formulando preguntas, buscando explicacións...

- Formular hipótesis sobre los cambios que sufren los diferentes elementos de su entorno más próximo, para fomentar su cuidado y conservación.
- Mellorar de forma progresiva a relación social e aplicar as pautas de un bo comportamento.
- Facer un uso responsable dos recursos naturais e desenvolver hábitos de consumo racional.
- Participar en actividades para o coidado e a conservación da natureza e do medio ambiente.

Competencia matemática

O alumnado deberá iniciarse nas capacidades de:

- Interpretar e organizar datos e informacións sobre algunhas características e calidades dos obxectos.
- Realizar agrupamentos de obxectos ou elementos establecendo relacións de pertenza ou non pertenza segundo un criterio dado (cor, tamaño, forma...).
- Recoñecer nos elementos da contorna as formas planas básicas así como algúns corpos xeométricos elementais.
- Clasificar e ordenar elementos da contorna en función dunha determinada calidade e os seus grados.
- Usar os números ordinais para identificar a posición dun elemento dentro dunha serie dada.

- Realizar comparacións cuantitativas entre coleccións de obxectos de xeito estimativa (moitos, poucos) e establecendo entre eles relacións de igualdade ou desigualdade (menos que..., máis que... igual que...).
- Asociar os números ordinais coa súa cantidade.
- Utilizar o conteo para realizar unha cuantificación exacta dos elementos dun conxunto, facendo un uso adecuado dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Apreciar a utilidade funcional dos números na vida cotiá e o seu uso para resolver problemas sinxelos de xuntar e quitar a través do conteo.
- Utilizar algúns instrumentos de medida, convencionais ou non convencionais, para resolver problemas e situacións da súa vida cotiá.
- Manexar as nocións espaciais e temporais básicas necesarias para situarse e orientarse a si mesmo.
- Recoñecer a súa capacidade para actuar e producir transformacións nalgúns elementos do medio.
- Realizar actividades de indagación científica, realizando observacións, formulando preguntas, buscando explicacións...

Competencia social e cidadá

O alumnado deberá:

- Identificar as características dos grupos sociais da súa contorna máis próxima (familia, escola...) e tomar conciencia da súa pertenza a eles.

- Identificar a importancia dos servizos comunitarios (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...) para dar resposta ás necesidades sociais.
- Participar nas manifestacións culturais da súa contorna.
- Aceptar a crecente pluralidade da sociedade actual e respectar e valorar os distintos costumes e manifestacións culturais, como un elemento de enriquecemento.
- Participar activamente na vida do aula expresando adecuadamente as propias ideas, escoitando aos demais e respectando puntos de vista distintos do propio.
- Colaborar nas tarefas cotiás tanto na aula como no seu fogar.
- Participar progresivamente na elaboración das normas e actuar de xeito correcto e ordenado, regulando a súa conduta de acordo con elas.
- Establecer relacións cos demais, en especial cos seus iguais (irmáns, compañeiros/as...), axustando a súa conduta ás pautas básicas de comportamento requiridas en cada situación: pedir as cousas e dar as grazas, deixar as súas cousas e compartir, saber esperar, xogar con todos/as, tolerar o fracaso...
- Utilizar o diálogo e a negociación como forma de resolver adecuadamente os conflitos.

Contribución da área de coñecemento da contorna ao desenvolvemento doutras competencias

Autonomía e iniciativa persoal

A área de Coñecemento da contorna contribúe á adquisición desta competencia desenvolvendo, no neno e na nena, as habilidades e destrezas necesarias para desenvolverse nos ambientes que lle son propios, manifestando iniciativa na realización das rutinas e as actividades diarias, o uso responsable dos obxectos e recursos e no coidado do medio ambiente, así como no cálculo dos riscos que comportan determinadas situacións, actividades ou condutas.

Desde esta área favorécese tamén a participación activa dos alumnos/as na organización da aula e na resolución dos problemas ou as dificultades que pode atopar no xogo e na súa relación cos seus iguais ou cos adultos.

Competencia en comunicación lingüística

A área contribúe á adquisición desta competencia a través da utilización de textos (orais e escritos) e de imaxes (viñetas, contos, fotografías, pictogramas, sinais de tráfico...) que permiten aos alumnos/as comprender, representar e interpretar a realidade, así como expresar as súas propias vivencias, e coñecer vocabulario novo sobre a súa contorna.

O adecuado uso das destrezas básicas da linguaxe contribúe tamén ao desenvolvemento equilibrado do neno e da nena a nivel social, permitíndolles crear vínculos cos demais, regular a súa conduta e construír a convivencia. Ademais, facilita o achegamento a manifestacións culturais propias da súa comunidade a través de contos e textos diversos de literatura infantil.

Tratamento da información e competencia dixital.

Esta área contribúe ao desenvolvemento desta competencia guiando aos alumnos/as na selección, interpretación e organización da información

recibida sobre as calidades e características dos obxectos e outros elementos do medio, natural e social, e no tratamento desta información para agrupalos, clasificalos e ordenalos.

O ordenador e o resto dos medios audiovisuais forman parte da vida diaria dos nenos e as nenas que os manexan, de xeito progresivamente competente, nos ambientes onde se desenvolven habitualmente, como a casa e a escola. De forma natural e a través do xogo, interactúan con eles, manipúlanos, exploran as súas posibilidades e utilízanos como un elemento máis do medio, e como medio de investigación ou procura de información.

Competencia para aprender a aprender.

Todas as actividades que se propoñen nesta área para desenvolver a capacidade de observación do neno/a, espertando a súa curiosidade para suscitar preguntas sobre o que lle rodea e motivándolle na procura das posibles respostas a través da manipulación, a exploración e a experimentación, contribúen a iniciar aos alumnos/as na utilización destas estratexias de aprendizaxe. Iníciase ademais aos nenos na dinámica do traballo en equipo que conleva a planificación da actividade, a súa organización, o reparto de responsabilidades entre os compoñentes do equipo e a utilización dos recursos e materiais ao seu alcance.

Competencia cultural e artística

Desde esta área contribúese ao desenvolvemento inicial desta competencia aproximando aos pícaros/as ao coñecemento e adecuada valoración das manifestacións artísticas e culturais que forman parte do patrimonio cultural da súa comunidade e daquelas propias doutros pobos e culturas que están presentes na sociedade dos nosos días.

ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Competencia en comunicación lingüística

O alumno/a deberá iniciarse nas capacidades de:

- Utilizar a lingua oral cun carácter funcional para interactuar cos demais en diferentes contextos comunicativos: saudar, pedir axuda, informar sobre feitos, facer e contestar preguntas, comprender ordes e instrucións sinxelas, resolver situacións conflitivas...
- Facer un uso progresivamente máis axustado dos elementos formais da lingua: utilizar un vocabulario preciso e variado, realizar unha correcta estruturación gramatical das frases, falar cunha pronunciación clara e unha correcta entoación.
- Participar de forma activa en conversacións e diálogos respectando as normas e convencións sociais que rexen os intercambios lingüísticos: gardar a quenda de palabra, escoitar con respecto, mirar ao interlocutor...
- Utilizar a lingua oral para expresar ideas, sentimentos, necesidades e vivencias, así como para comprender os dos demais, como medio de regulación da propia conduta e da convivencia.
- Utilizar a lingua oral para describir obxectos, persoas e situacións.
- Utilizar a linguaxe oral para inventar pequenas historias a partir das súas vivencias, contos ou imaxes.
- Comprender a idea global de mensaxes e textos orais, seguindo a secuencia temporal da narración.
- Distinguir a linguaxe escrita doutras formas de expresión gráfica.

- Comprender as mensaxes transmitidas a través de imaxes (ilustracións de contos, fotografías, viñetas, pictogramas, sinais de tráfico...) e de xestos.
- Ler e escribir palabras moi significativas e usuais, presentes no aula e na contorna social, como forma de iniciación ao código escrito.
- Adquirir progresivamente adecuados hábitos e destrezas relacionados cos aspectos formais da escritura: direccionalidade, colocación do papel, manexo do lapis, control cada vez máis preciso do trazo.
- Recoñecer o pracer da lectura participando en actividades de audición e lectura de textos literarios (contos, poesías, rimas, adiviñas...), en xogos lingüísticos, dramatizacións, e a través da memorización de poemas e outros textos sinxelos.
- Participar nas actividades habituais do aula en lingua estranxeira e valorar o seu uso oral como instrumento de comunicación.

Competencia cultural e artística

- Utilizar os instrumentos, materiais e técnicas que permiten a expresión de ideas, vivencias, sentimentos e fantasías mediante diferentes códigos artísticos: musical, plástico e corporal.
- Descubrir, mediante a experimentación con distintos materiais e técnicas, os elementos da linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...).
- Experimentar as posibilidades sonoras do propio corpo e dalgúns obxectos e instrumentos musicais, e interpretar cancións e danzas sinxelas.
- Comprender e apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita, a comprensión, o recitado e a dramatización de textos literarios.

- Percibir e comprender expresións artísticas, plásticas e musicais, de diferentes épocas e culturas presentes na contorna cultural.

Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar os instrumentos tecnolóxicos na procura, selección e tratamento da información relacionada coa linguaxe gráfica, sonora e artística.
- Facer un uso adecuado da tecnoloxía ao seu alcance para aprender e informarse, e como medio de comunicación e expresión das propias ideas e sentimentos.
- Distinguir, de forma progresiva, a realidade da ficción representada a través dos medios audiovisuais.
- Tomar conciencia da necesidade de facer un uso moderado dos medios audiovisuais e das novas tecnoloxías, realizando de xeito progresivamente máis autónoma unha valoración crítica dos seus contidos.

Contribución do área de Linguaxes: comunicación e representación ao desenvolvemento doutras competencias

Autonomía e iniciativa persoal

O coñecemento dos elementos formais da linguaxe e o adecuado uso dos convencionalismos e normas sociais que rexen os intercambios lingüísticos favorece o desenvolvemento da autoestima e a confianza en si mesmo, que son básicos para a adquisición desta competencia. Ademais, o adecuado desenvolvemento da linguaxe axuda ao neno e á nena a

organizar o seu pensamento e a poñer nome ás súas emocións, o que lles permitirá un progresivo control das mesmas.

Competencia matemática

Contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao aplicar de xeito espontáneo os coñecementos matemáticos a situacións comunicativas da vida cotiá: ao describir elementos da súa contorna (tamaño, cantidade, forma...) e a súa situación no espazo, na narración ordenada de vivencias... ou naquelas outras situacións suscitadas no desenvolvemento das actividades na aula: ao usar algunhas convencións da lingua escrita (linealidade, orientación e organización no espazo), ao clasificar os sons por contraste (longo-curto, forte-suave, agudo-grave), ao utilizar algúns elementos da linguaxe plástica (liña, forma, cor, espazo) ou ao reproducir ritmos sinxelos.

Desde as actividades suscitadas neste área os alumnos/as aprenden a facer un uso adecuado da lingua, oral e escrita, como instrumento de comunicación e tamén de aprendizaxe. Deste xeito favorécese a comprensión das calidades e características do medio físico e social e da interrelación que existe entre elas. Tamén aprenden a verbalizar os fenómenos que se aprecian na natureza, así coma os cambios que nela se producen.

Competencia social e cidadá

A área contribúe de xeito fundamental ao comezo desta competencia. A contorna social dos nenos/as diversifícase, colocándolles fronte a novas experiencias, ampliando as súas relacións sociais e contribuindo ao

desenvolvemento das habilidades necesarias para saber comunicarse e aprender a convivir nas diferentes situacións. En especial, das habilidades lingüísticas que lles permitirán resolver os conflitos a través do diálogo, expresar adecuadamente as súas ideas e necesidades, escoitar e respectar as dos outros e aprender a traballar en equipo.

Competencia para aprender a aprender

Dende esta área, o neno e a nena, poden iniciarse na práctica dalgunhas capacidades necesarias para o desenvolvemento desta competencia, de forma que poidan aprender mellor e de xeito progresivamente máis autónoma, como: a comprensión, a expresión, a atención e a memoria. O progresivo desenvolvemento das capacidades comunicativas axudará aos nenos/as a saber suscitar preguntas e a articular adecuadamente as respostas e permitiralles iniciarse no traballo en equipo. Ademais, iniciaranse no desenvolvemento daquelas habilidades que lles permitirán transformar unha nova información en coñecemento propio, relacionándoa cos seus coñecementos e experiencias previos, de forma que poderán despois aplicar este novo coñecemento en situacións parecidas.

3. OBXECTIVOS E SECUENCIACIÓN DOS MESMOS

O segundo ciclo da Educación infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

1. Descubrir e construír, a través da acción, o coñecemento do seu propio corpo e o dos outros, actuar con seguridade e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar o mundo que lles rodea a través do xogo e da acción e desenvolver actitudes de curiosidade e conservación.

3. Adquirir hábitos de hixiene, alimentación, vestido, descanso e protección.
4. Construir unha imaxe axustada de si mesmo e desenvolver as capacidades afectivas.
5. Establecer relacións positivas cos iguais e os adultos; adquirir as pautas elementais de convivencia e relación social; regular a conduta, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
6. Desenvolver as habilidades comunicativas a través de distintas linguaxes, incluída a lingua estranxeira, e formas de expresión a través do movemento, o xesto e o ritmo.
7. Iniciarse no manexo das ferramentas lóxico-matemáticas, a lecto-escritura e as tecnoloxías da información e a comunicación.
8. Descubrir o pracer da lectura a través dos contos e relatos.
9. Coñecer e participar de forma activa nas manifestacións sociais e culturais da Comunidade Galega

SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA POR NIVEIS

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas ndividuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

<p>Infantil 3 anos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer e utilizar o corpo, os seus elementos principais e as súas posibilidades de acción e expresión. 2. Iniciarse no coñecemento da súa propia imaxe corporal e autonomía persoal. 3. Iniciarse na identificación e comunicación dos sentimentos, emocións e necesidades propias, así como no coñecemento e respecto dos sentimentos e emocións dos demais. 4. Iniciarse na autonomía persoal, e na resolución de problemas e tarefas sinxelas da vida cotiá. 5. Iniciar o desenvolvemento de actitudes e hábitos de respecto, axuda, colaboración cos demais, de promoción da saúde e coidado da contorna.
<p>Infantil 4 anos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer, utilizar e representar os elementos básicos do corpo e as súas posibilidades de acción e expresión. 2. Afianzar o coñecemento da súa propia imaxe corporal na interacción cos outros e desenvolver a súa autonomía persoal. 3. Identificar e comunicar os sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias propias, e coñecer e respectar as dos outros. 4. Realizar con autonomía hábitos persoais, actividades habituais e estimular a iniciativa para resolver tarefas e problemas cotiáns. 5. Progresar no desenvolvemento de actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración cos demais, de promoción da saúde e coidado da contorna.
<p>Infantil 5 anos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer, representar e utilizar o corpo, os seus elementos, funcións, posibilidades de acción e de expresión dunha forma controlada e coordinada. 2. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo na interacción cos outros e no desenvolvemento da autonomía persoal. 3. Identificar, dominar e comunicar os sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias propias e coñecer, comprender e respectar as dos outros. 4. Realizar con autonomía e seguridade os hábitos persoais, as actividades habituais e ter iniciativa para resolver as novas tarefas e problemas que presenta a vida cotiá. 5. Desenvolver actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración cos demais; de promoción da saúde e de protección da contorna.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE COÑECEMENTO DA CONTORNA

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.-.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

<p>Infantil 3 anos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Observar e explorar con interese a contorna natural para coñecer e valorar algúns dos seus componentes. 2. Explorar e comparar algúns obxectos para descubrir a súa cor, tamaño e forma xeométrica (círculo, cadrado e triángulo), identificando algúns números. 3. Iniciarse na relación cos demais cumprindo pequenas pautas de comportamento. 4. Achegarse ao descubrimento dalgúns grupos sociais próximos á súa experiencia.
<p>Infantil 4 anos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer e valorar os compoñentes básicos da contorna natural e iniciarse na interpretación dalgunhas das súas relacións e desenvolvemento de actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación. 2. Explorar e comparar as figuras xeométricas polo grado de posesión dunha calidade (seriar) iniciándose na clasificación, orde e cuantificación. 3. Relacionarse cos demais de forma equilibrada e satisfactoria, comezando a interiorizar as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a ela. 4. Coñecer os grupos sociais máis próximos á súa experiencia, algunhas producións culturais xerando actitudes de respecto.
<p>Infantil 5 anos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Observar e explorar con interese a contorna natural para coñecer e valorar os compoñentes básicos e interpretar algunhas das súas relacións e desenvolver actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación. 2. Iniciarse nas habilidades matemáticas, actuando sobre elementos e coleccións, identificando as súas atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación. 3. Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas. 4. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.

OBXECTIVOS XERAIS DO ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos-expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo,

escáner, vídeo ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

Infantil 3
anos

1. Desenvolver a linguaxe oral para expresar sentimentos, desexos e ideas na súa propia lingua, e iniciación na lingua estranxeira.
2. Desenvolver a comprensión de mensaxes orais sinxelos na súa lingua e na estranxeira.
3. Iniciar aos alumnos/as na lectura de imaxes e aproximalos/as á escritura.
4. Comprender e gozar escoitando textos literarios sinxelos.
5. Iniciar aos alumnos na comprensión e representación de ideas e sentimentos mediante as distintas linguaxes (plástico, corporal e musical), utilizando técnicas básicas.
6. Iniciarse no uso e manexo do ratón así como na interpretación da linguaxe multimedia.

Infantil 4
anos

1. Continuar desenvolvendo a linguaxe oral para expresar sentimentos, desexos e ideas e empezar a valoralo como un instrumento de aprendizaxe e relación cos demais, utilizando tanto a linguaxe propia como a estranxeira.
2. Desenvolver a comprensión das intencións e mensaxes dos nenos e adultos cunha actitude positiva tanto na lingua propia como na estranxeira.
3. Iniciar ao alumno na lectura e escritura de imaxes, palabras significativas, como medio de comunicación e goce.
4. Comprender e gozar escoitando e interpretando textos literarios, mostrando goce e interese cara a eles
5. Desenvolver a comprensión e representación de ideas e sentimentos empregando as linguaxes plástico, corporal e musical, utilizando técnicas sinxelas, e iniciarse no coñecemento de obras artísticas.
6. Utilizar o ordenador para reforzar habilidades e coñecementos.

Infantil 5 anos	<ol style="list-style-type: none">1. Utilizar a linguaxe oral para expresar sentimentos, desexos e ideas e valorar o seu uso como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e como instrumento de aprendizaxe tanto na lingua propia como estranxeira.2. Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.3. Iniciarse nos usos sociais da lectura e escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e goce.4. Comprender e gozar escoitando, interpretando e lendo textos literarios mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.5. Comprender e representar ideas e sentimentos empregando a linguaxe plástica, corporal e musical mediante o emprego de diversas técnicas e achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas nenas linguaxes.6. Utilizar o ordenador para acceder ao uso da linguaxe multimedia para mellorar ou reforzar habilidades e coñecementos.
--------------------	--

4. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DOS MESMOS

CRITERIOS PARA A SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

A secuenciación de contidos realizados ao longo do ciclo lévase a cabo atendendo aos seguintes criterios:

- Considerar o momento do desenvolvemento cognitivo e emocional propio das diferentes idades, como un dos criterios fundamentais para a organización dos contidos.
- Tomar como punto de partida as experiencias e os coñecementos previos dos alumnos/as.
- Atender á globalidade propia da etapa, establecendo unha adecuada interrelación entre os contidos das diversas áreas do currículo e incluíndo, como parte fundamental dos mesmos, A educación en valores.
- Partir dos contidos máis concretos e máis próximos á realidade dos alumnos/as para avanzar, a través da manipulación e a experiencia, cara a outros máis abstractos.
- Presentar os distintos contidos dun modo significativo para os nenos e nenas das distintas idades.
- Tratar os contidos de modo cíclico ao longo do ciclo, de forma que se avance e afonde na súa consecución a través de aproximacións sucesivas.
- Afianzar e ampliar as adquisicións logradas nos distintos ámbitos de desenvolvemento do neno:

a) Capacidades de equilibrio persoal:

Formarse unha imaxe de si mesmo/a progresivamente máis axustada, aceptando as súas posibilidades e limitacións, mantendo unha actitude positiva de confianza nas propias capacidades.

b) Relacións persoais:

Progresar na ampliación e na calidade de relacións cos iguais nun marco que irá permitindo de forma paulatina a articulación e coordinación de diferentes puntos de vista.

c) Capacidades de inserción social:

Adquirir e mellorar o sentido de pertenza a diferentes grupos sociais e actuar de xeito progresivamente máis autónomo no seo de devanditos grupos.

d) Capacidades cognitivas e lingüísticas:

Avanzar no dominio da linguaxe oral, así como na función de regulación e planificación da propia actividade.

Os contidos deberán ter como referencia obrigada en cada momento do proceso educativo os obxectivos e as competencias básicas.

5. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR NIVEIS

CONTIDOS DO ÁREA COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

BLOQUE 1º. O corpo e a propia imaxe.

- O corpo humano. Exploración do propio corpo e do dos demais. O esquema corporal e a identidade sexual. Percepción dos cambios físicos propios e das posibilidades de actuación co paso do tempo. Uso dos sentidos: sensacións e percepcións. Valoración e aceptación das características, posibilidades propias e dos outros.
- O control postural do corpo e o movemento. Control do ton, equilibrio e respiración. A identificación e orientación espazo-temporal e adaptación ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación. Satisfacción polo crecente dominio corporal.

BLOQUE 2º. Xogo e movemento.

- O xogo: coñecemento e participación; construción, aceptación e respecto polas regras; goce e valoración da súa necesidade e do esforzo persoal; confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico.

BLOQUE 3º. A actividade cotiá.

- As actividades da vida cotiá: hábitos elementais de planificación, organización, constancia, atención, iniciativa, esforzo e de relación e interacción cos demais. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización; coñecemento e adaptación do comportamento ás normas de convivencia que regulan a vida cotiá. Gusto e satisfacción polo traballo, propio ou compartido, ben feito; aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das mesmas; e actitude positiva para establecer relacións de afecto cos adultos e cos iguais.

BLOQUE 4º. O coidado persoal e a saúde.

- As necesidades e hábitos básicos. Identificación, manifestación, regulación e control das mesmas: hábitos de alimentación, descanso, hixiene e vestido. Respecto polas normas de comportamento no desenvolvemento dos mesmos e gusto por un aspecto persoal coidado. Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais: uso adecuado de espazos, elementos e obxectos. Adopción de comportamento de prevención e seguridade ante o risco. Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de dor corporal, enfermidade e de

pequenos accidentes. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. Demanda de axuda e valoración da resposta.

- A identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións. Iniciativa persoal.

BLOQUE 1º. O corpo e a propia imaxe

- O corpo humano. Exploración do propio corpo: os seus elementos básicos. O esquema corporal e a identidade sexual. Uso dos sentidos: sensacións e percepcións.
- O control postural do corpo e o movemento. Adaptación progresiva aos outros, aos obxectos, ao espazo e ás diferentes situacións. Gusto polo dominio de movementos básicos.

BLOQUE 2º. Xogo e movemento

- O xogo: coñecemento e participación. Aceptación de normas básicas, confianza nas propias posibilidades de acción, participación e goce nos xogos.

BLOQUE 3º. A actividade cotiá.

- As actividades da vida cotiá: hábitos elementais de organización, constancia, atención, esforzo e de relación e interacción cos demais. Progresiva autonomía na súa realización. Achegamento ás normas básicas de convivencia. Gusto polo traballo propio ben feito. Actitude positiva para relacionarse cos adultos e cos iguais.

BLOQUE 4º. O coidado persoal e a saúde.

- As necesidades e hábitos básicos. Identificación e manifestación das mesmas: hábitos de alimentación, descanso, hixiene e vestido. Respecto polas normas de comportamento no desenvolvemento dos mesmos. Uso adecuado de espazos, elementos e obxectos. Identificación de situacións de risco. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios.

Infantil 3
anos

<p>Infantil 4 anos</p>	<p>BLOQUE 1º. O corpo e a propia imaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> • O corpo humano. Exploración do propio corpo e do dos demais. O esquema corporal e a identidade sexual. Iniciación na percepción dos cambios físicos propios e das posibilidades de actuación co paso do tempo. Valoración e aceptación das características, posibilidades propias e dos outros. • O control postural do corpo e o movemento. Iniciación no control do ton, equilibrio e respiración. A identificación e orientación espazo-temporal. Adaptación ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación. Satisfacción polo crecente dominio corporal. <p>BLOQUE 2º. Xogo e movemento</p> <ul style="list-style-type: none"> • O xogo: coñecemento e participación; aceptación e respecto polas regras; confianza nas propias posibilidades de acción, participación, esforzo persoal e goce nos xogos. <p>BLOQUE 3º. A actividade cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> • As actividades da vida cotiá: hábitos elementais de organización, constancia, atención, esforzo, iniciativa e de relación e interacción cos demais. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. Coñecemento e adaptación ás normas de convivencia. Gusto polo traballo propio ou compartido ben feito, aceptando as propias posibilidades e limitacións. Actitude positiva para relacionarse cos adultos e cos iguais. <p>BLOQUE 4º. O coidado persoal e a saúde.</p> <ul style="list-style-type: none"> • As necesidades e hábitos básicos. Identificación, manifestación e regulación das mesmas: hábitos de alimentación, descanso, hixiene e vestido. Respecto polas normas de comportamento no desenvolvemento dos mesmos e gusto por un aspecto persoal coidado. Situacións que favorecen a saúde: uso adecuado de espazos, elementos e obxectos. Identificación e actitude de prevención e seguridade ante situacións de risco. Actitude de tranquilidade e colaboración en enfermidades e pequenos accidentes. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. Demanda de axuda. • Identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
----------------------------	---

<p>Infantil 5 anos</p>	<p>BLOQUE 1º. O corpo e a propia imaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> • O corpo humano. Exploración do propio corpo e do dos demais: elementos internos e externos. O esquema corporal e a identidade sexual. Percepción dos cambios físicos propios e das posibilidades de actuación co paso do tempo. Uso dos sentidos: sensacións e percepcións. Valoración e aceptación das características, posibilidades propias e dos outros. • O control postural do corpo e o movemento. Control do ton, equilibrio e respiración. A identificación e orientación espazo-temporal e adaptación ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación. Satisfacción polo dominio corporal. <p>BLOQUE 2º. Xogo e movemento</p> <ul style="list-style-type: none"> • O xogo: coñecemento e participación; construción, aceptación e respecto polas regras; goce e valoración da súa necesidade e do esforzo persoal; confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico. <p>BLOQUE 3º. A actividade cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> • As actividades da vida cotiá: hábitos elementais de planificación, organización, constancia, atención, iniciativa, esforzo e de relación e interacción cos demais. Iniciativa e autonomía na súa realización; coñecemento e adaptación do comportamento ás normas de convivencia que regulan a vida cotiá. Gusto e satisfacción polo traballo, propio ou compartido, ben feito; aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das mesmas e actitude positiva para establecer relacións de afecto cos adultos e cos iguais. <p>BLOQUE 4º. O coidado persoal e a saúde.</p> <ul style="list-style-type: none"> • As necesidades e hábitos básicos. Identificación, manifestación, regulación e control das mesmas: hábitos de alimentación, descanso, hixiene e vestido. Respecto polas normas de comportamento no desenvolvemento dos mesmos e gusto por un aspecto persoal coidado. Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais: uso adecuado de espazos, elementos e obxectos. Adopción de comportamento de prevención e seguridade ante o risco. Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de dor corporal, enfermidade e de pequenos accidentes. Colaboración no mantemento de
----------------------------	--

ambientes limpos e ordenados. Demanda de axuda e valoración da resposta.

- A identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións. Iniciativa persoal.

CONTIDOS DA ÁREA COÑECEMENTO DA CONTORNA

BLOQUE 1º. Medio físico: elementos , relacións e medidas

- A representación da realidade desde unha perspectiva matemática: cuantificación, conteo, estimación e aproximación á serie numérica e aos números ordinaiss desde un enfoque funcional. Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo e no tempo. Posicións relativas. Realización de desprazamentos orientados. Estimación intuitiva e medida do tempo, do peso, da capacidade. Uso de instrumentos de medida, peso, lonxitude e capacidade. As formas sociais do tempo: o calendario, as estacións, os días da semana. Ubicación temporal de actividades da vida cotiá.
- A identificación e formas da contorna natural: formas planas e tridimensionais en elementos da contorna. Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais. Ordenar segundo criterios.

BLOQUE 2º. Achegamento á natureza

- Os obxectos e materias do medio natural: funcións, calidades e usos cotiáns. Recolleita de información mediante a exploración, medida e clasificación. Actitude de curiosidade, respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- A observación de fenómenos do medio natural (choiva, vento, día, noite...) Formulación de conxeturas sobre as súas causas e consecuencias. Os días, os meses, as estacións.
- A identificación de seres vivos e materia inerte como o sol, a lúa, a auga, animais, plantas, rocas, nubes ou ríos. Recolleita de información dalgunhas características, comportamentos, funcións e importancia de todos eles. Os cambios nos seres vivos. Aproximación ao ciclo vital, do nacemento á morte. Valoración da súa importancia para a vida humana e a incidencia que o comportamento das persoas ten na súa conservación.
- A curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles. Goce ao realizar actividades en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar.

BLOQUE 3º. Cultura e vida en sociedade

- A identificación dos primeiros grupos sociais de pertenza: familia e escola. Compoñentes, funcións e costumes. Localización e orientación nos espazos habituais, uso correcto das súas dependencias e autonomía nos percorridos máis frecuentes. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles se establecen.
- A identificación dalgúns grupos sociais significativos próximos á súa experiencia: os servizos comunitarios (mercado, transporte...), os compañeiros de contornas non escolares (barrio, amigos en tempo de lecer...), os compañeiros doutros países. Valoración e respecto por outras linguas e cultura xerando actitudes de confianza e aprecio.
- A observación das necesidades, ocupacións, servizos, festas, costumes e manifestacións culturais da comunidade. Organización e categorización. Interese por participar en actividades sociais e culturais. Identificación dalgúns cambios no modo de vida e os costumes en relación co paso do tempo.
- A convivencia: a incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e pícaras. Respecto por outras linguas e cultura.

Infantil
3 anos

BLOQUE 1º. Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Iniciación á representación da realidade atendendo á cuantificación, conteo, estimación e aproximación á serie numérica. Iniciación na situación de si mesmo, dos obxectos no espazo e tempo. Posicións relativas. Desprazamentos orientados. Formas sociais do tempo: calendario, estacións, días da semana... Iniciación na ubicación temporal de actividades da vida cotiá.
- Iniciación na identificación e clasificación de formas planas da contorna natural.

BLOQUE 2º. Achegamento á natureza

- Os obxectos e materias do medio natural: funcións, calidades e uso cotiáns.
- Observación de fenómenos do medio natural (día, noite, choiva...).
- Observación de seres vivos e materia inerte (sol, animais, plantas...). Iniciación á recolleita de información

	<p>dalgunhas características, comportamento e funcións dos seres vivos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles. Goce ao realizar actividades en contacto coa natureza. <p>BLOQUE 3º. Cultura e vida en sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> • A identificación e exploración dos primeiros grupos sociais de pertenza: familia e escola. Compoñentes, funcións e costumes. Iniciación na localización e orientación nos espazos habituais, uso correcto das súas dependencias e autonomía nos percorridos máis frecuentes. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Establecer relacións afectivas entre eles. • A identificación e exploración dalgúns grupos sociais significativos próximos á súa experiencia: os servizos comunitarios (mercado, transporte...), os compañeiros de contornas non escolares (barrio, amigos en tempo de lecer...), os compañeiros doutros países. Respecto por outras linguas e cultura. • A observación das necesidades, ocupacións, servizos, festas, costumes e manifestacións culturais da comunidade. Interese por participar en actividades sociais e culturais. Identificación dalgúns cambios no modo de vida e os costumes en relación co paso do tempo. • A convivencia: a incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e pícaras. Respecto por outras linguas e cultura.
<p>Infantil 4 anos</p>	<p>BLOQUE 1º. Medio físico: elementos, relacións e medidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os obxectos e materias do medio natural: funcións, calidades e uso cotiáns. Iniciación na recolleita de información mediante a exploración, medida e clasificación. Actitude de curiosidade, respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos. • Progresivo achegamento á realidade atendendo á cuantificación, conteo, estimación e aproximación á serie

numérica. Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo e tempo. Posicións relativas. Desprazamentos orientados.

- Formas sociais do tempo: calendario, estacións, días da semana... Ubicación temporal de actividades da vida cotiá.
- A identificación e clasificación de formas da contorna natural: formas planas e tridimensionais. Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais. Ordenar segundo criterios.

BLOQUE 2º. Achegamento á natureza

- Observación de fenómenos do medio natural (día, noite, choiva...). Formulación de conxecturas sobre causas e consecuencias.
- Identificación de seres vivos e materia inerte (sol, animais, plantas, rocas, nubes, ríos...). Recolleita de información dalgunhas características, comportamento, funcións e cambio en os seres vivos. Aproximación ao ciclo vital.
- A curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles. Goce ao realizar actividades en contacto coa natureza.

BLOQUE 3º. Cultura e vida en sociedade

- A identificación dos primeiros grupos sociais de pertenza: familia e escola. Compoñentes, funcións e costumes. Localización e orientación nos espazos habituais, uso correcto das súas dependencias e autonomía nos percorridos máis frecuentes. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles se establecen.
- A identificación dalgúns grupos sociais significativos próximos á súa experiencia: os servizos comunitarios (mercado, transporte...), os compañeiros de contornas non escolares (barrio, amigos en tempo de lecer...), os compañeiros doutros países. Valoración e respecto por outras linguas e cultura xerando actitudes de confianza e aprecio.
- A observación das necesidades, ocupacións, servizos, festas, costumes e manifestacións culturais da

	<p>comunidade. Interese por participar en actividades sociais e culturais. Identificación dalgúns cambios no modo de vida propio e os costumes en relación co paso do tempo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A convivencia: a incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e nenas. Respecto por outras linguas e cultura.
<p>Infantil 5 anos</p>	<p>BLOQUE 1º. Medio físico: elementos, relacións e medidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os obxectos e materias do medio natural: funcións, calidades e usos cotiáns. Recolleita de información mediante a exploración, medida e clasificación. Actitude de curiosidade, respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos. • A representación da realidade desde unha perspectiva matemática: cuantificación, conteo, estimación e aproximación á serie numérica e aos números ordinales desde un enfoque funcional. Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo e no tempo. Posicións relativas. Realización de desprazamentos orientados. Estimación intuitiva e medida do tempo. As formas sociais do tempo: o calendario, as estacións, os días da semana. Ubicación temporal de actividades da vida cotiá. • A identificación e formas da contorna natural: formas planas e tridimensionales en elementos da contorna. Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais. Ordenar segundo criterios. <p>BLOQUE 2º. Achegamento á natureza</p> <ul style="list-style-type: none"> • A observación de fenómenos do medio natural (choiva, vento, día, noite...) Formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias. • A identificación de seres vivos e materia inerte como o sol, animais, plantas, rocas, nubes ou ríos. Recolleita de información dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. Aproximación ao ciclo vital, do nacemento á morte. Valoración da súa importancia para a vida humana e a incidencia que o comportamento das persoas ten na súa conservación. • A curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles. Goce ao realizar actividades en contacto coa natureza. Valoración

da súa importancia para a saúde e o benestar.

BLOQUE 3º. Cultura e vida en sociedade

- A identificación dos primeiros grupos sociais de pertenza: familia e escola. Compoñentes, funcións e costumes. Localización e orientación nos espazos habituais, uso correcto das súas dependencias e autonomía nos percorridos máis frecuentes. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles se establecen.
- A identificación dalgúns grupos sociais significativos próximos á súa experiencia: os servizos comunitarios (mercado, transporte...), os compañeiros de contornas non escolares (barrio, amigos en tempo de lecer...), os compañeiros doutros países. Valoración e respecto por outras linguas e cultura xerando actitudes de confianza e aprecio.
- A observación das necesidades, ocupacións, servizos, festas, costumes e manifestacións culturais da comunidade. Organización e categorización. Interese por participar en actividades sociais e culturais. Identificación dalgúns cambios no modo de vida e os costumes en relación co paso do tempo.
- A convivencia: a incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e nenas. Respecto por outras linguas e cultura.

CONTIDOS DO ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

BLOQUE 1º. A linguaxe verbal

- escoitar: comprensión de ordes relacionadas con rutinas, tarefas e saúdos asociadas ou non ao xesto; comprensión da idea global de mensaxes e textos orais nos que se inclúe un vocabulario básico de conceptos do corpo, a contorna, lugares e accións; seguir narracións, esceas de películas, participar en xogos e cancións; seguir unha conversa cando se fala nun contexto limitado de temas coñecidos. Curiosidade e interese polo descubrimento e coñecemento progresivo do funcionamento da lingua oral.

- Falar: saúdo co xesto e sen el; nomear o vocabulario básico de conceptos, accións e espazos; describir obxectos. Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico preciso e variado, estruturación gramatical correcta, entonación adecuada e pronunciación clara. Uso e valoración da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos; para expresar e comunicar ideas e sentimentos e para regular a propia conduta e a dos demais. Actitude positiva cara á lingua propia e a estranxeira.
- Conversar: participación nun diálogo dun tema coñecido, iniciar e cortar a conversación, facer demandas e contestar á resposta. Uso das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto, inicio e conclusión dunha conversación. Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.
- Ler: comprensión de viñetas, contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas, xornais, sinais de tráfico... Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Percepción de diferenzas e semellanzas. Identificación de palabras escritas moi significativas e usuais: asociar imaxe a palabra. Aproximación ao uso da lingua escrita como medio de comunicación, información e goce. Interese por explorar algúns dos seus elementos. Iniciación ao coñecemento do código escrito. Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.
- Escribir: Escritura de palabras relevantes asociadas a imaxes, persoas e obxectos. Respecto aos aspectos formais da escritura asociados á orientación, a colocación do papel e o manexo do útil e o trazo cada vez máis preciso e legible. Uso da escritura cunha finalidade real. Uso do vocabulario específico para referirse a elementos básicos que configuran o texto escrito (título, portada, ilustración, palabra, letra...).
- Achegamento ao pracer da lectura a través da escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñas; relato de pequenas historias a partir das súas vivencias, contos, imaxes; recitado dalgúns textos de carácter poético, folclóricos ou de autor, gozando do ritmo e a rima; participación creativa en xogos lingüísticos; dramatización de textos literarios e goce e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos; interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións. Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou

descricións, lidas por outras persoas. Valoración e uso da biblioteca como espazo de entretenimento e goce e actitude de colaboración no seu coidado.

BLOQUE 2º.Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal

- Experimentación e descubrimento dos elementos da linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...); Expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias, ou fantasías mediante o debuxo e producións plásticas. Achegamento ao uso de distintos materiais e técnicas. Valoración progresiva de diferentes tipos de obras plásticas.
- Exploración e uso da voz, o propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Recoñecemento de sons cotiáns e por contraste (longo-curto, forte-suave, agudo-grave). Audición de obras musicais. Participación activa e goce no uso do silencio, son, cancións, xogos musicais ou danzas, ao servizo da interpretación.
- Uso dos recursos corporais, o consinto -xestos e movementos-, ao servizo da expresión, representación e dramatización de tarefas, sentimentos, emocións, vivencias,... Representación espontánea de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos. Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

BLOQUE 3º. A linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e imaxe: aceso e apagado; uso de iconas –abre e pecha fiestras-, execución dun programa; seguimento dun itinerario co rato; uso do teclado; manexo con autonomía programas coñecidos ata si requiren CD externo; recoñecemento e utilización de programas sinxelos de debuxo; utilización de programas que propoñen exercicios diversos; seguimento de enlaces en situacións de navegación controlada.
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética. Distinción progresiva entre representación e realidade. Representacións visuais na contorna infantil que atenden a aspectos emotivos e interculturais .
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

<p>Infantil 3 anos</p>	<p>BLOQUE 1º. A linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escotar: comprensión de ordes relacionadas con rutinas, tarefas e saúdos asociadas ou non ao xesto; comprensión da idea global de mensaxes e textos orais nos que se inclúe un vocabulario básico de conceptos do corpo, a contorna, lugares e accións; seguir narracións sinxelas e escenas de películas, participar en xogos e cancións. Curiosidade polo descubrimento da lingua oral. • Falar: saúdo co xesto e sen el; nomear o vocabulario básico de conceptos, accións e espazos. Uso progresivo da linguaxe. Uso da lingua oral para relatar feitos, para expresar e comunicar ideas e sentimentos. Actitude positiva cara á lingua propia e a estranxeira. • Conversar: iniciación no diálogo dun tema coñecido, facer demandas e contestar á resposta. Iniciación no uso das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto. Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación <ul style="list-style-type: none"> • Ler: iniciación na lectura e comprensión de viñetas, contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas, xornais, sinais de tráfico... Iniciación na diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Percepción de diferenzas e semellanzas. Identificación de palabras escritas moi significativas: o seu nome. Aproximación ao uso da lingua escrita como medio de comunicación, información e goce. Achegamento ao uso de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. • Escribir: Iniciación na escritura do seu nome. Iniciación nos aspectos formais da escritura asociados á orientación, a colocación do papel e o manexo do útil e o trazo cada vez máis preciso e lexible. • Achegamento ao pracer da lectura a través da escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adivinanzas; relato de pequenas historias a partir das súas vivencias, contos, imaxes; recitado dalgúns textos de carácter poético, folclóricos ou de autor, gozando do ritmo e a rima; iniciación na dramatización de sinxelos textos literarios e goce e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos. Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións, lidas por outras persoas. Valoración e uso da biblioteca como espazo de entretenimento e goce e actitude de
----------------------------	--

	<p>colaboración no seu coidado.</p> <p>BLOQUE 2º.Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación na experimentación e descubrimento dos elementos da linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...). Iniciación na expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias, ou fantasías mediante o debuxo e producións plásticas. Achegamento progresivo ao uso de distintos materiais e técnicas. • Exploración e uso da voz, o propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Iniciación no recoñecemento de sons cotiáns. Audición de sinxelas obras musicais. Participación e goce no uso do silencio, son, cancións, xogos musicais ou danzas. • Uso dos recursos corporais básicos. Representación espontánea de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos. Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal. <p>BLOQUE 3º. A linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como o ordenador. Iniciación no manexo do rato en diferentes xogos educativos adaptados á súa idade. • Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Distinción progresiva entre representación e realidade. Representacións visuais na contorna infantil que atenden a aspectos emotivos e interculturais • Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.
Infantil 4 anos	<p>BLOQUE 1º. A linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escotar: comprensión de ordes relacionadas con rutinas, tarefas e saúdos asociadas ou non ao xesto; comprensión da idea global de mensaxes e textos orais nos que se inclúe un vocabulario básico de conceptos do corpo, a contorna, lugares e accións; seguir narracións, escenas de películas, participar en xogos e cancións; seguir unha conversa cando se fala nun contexto limitado de temas coñecidos. Curiosidade e interese polo descubrimento e coñecemento progresivo do funcionamento da lingua oral.

- Falar: saúdo co xesto e sen el; nomear o vocabulario básico de conceptos, accións e espazos; describir obxectos. Uso progresivo da linguaxe mellorando a estruturación gramatical, a entonación e a pronunciación. Uso e valoración da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos; para expresar e comunicar ideas e sentimentos e para regular a propia conduta e a dos demais. Actitude positiva cara á lingua propia e a estranxeira.
 - Conversar: participación nun diálogo dun tema coñecido, iniciar e cortar a conversa, facer demandas e contestar á resposta. Uso das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto, inicio e conclusión dunha conversación. Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación.
 - Ler: comprensión de viñetas, contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas, xornais, sinais de tráfico... Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Percepción de diferenzas e semellanzas. Identificación de palabras escritas moi significativas e usuais: asociar imaxe a palabra. Aproximación ao uso da lingua escrita como medio de comunicación, información e goce. Interese por explorar algúns dos seus elementos. Iniciación ao coñecemento do código escrito. Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas.
 - Escribir: Escritura de palabras relevantes asociadas a imaxes, persoas e obxectos. Progresivo coñecemento e uso dos aspectos formais da escritura asociados á orientación, a colocación do papel e o manexo do útil e o trazo cada vez máis preciso e lexible.
 - Achegamento ao pracer da lectura a través de escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñas; relato de pequenas historias a partir das súas vivencias, contos, imaxes; recitado dalgúns textos de carácter poético, folclóricos ou de autor, gozando do ritmo e a rima; participación creativa en xogos lingüísticos; dramatización de textos literarios e goce e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos; interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións. Interese e atención en escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións, lidas por outras persoas. Valoración e uso

	<p>da biblioteca como espazo de entretenimento e goce e actitude de colaboración no seu coidado.</p> <p>BLOQUE 2º.Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Experimentación e descubrimento dos elementos da linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...). Expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias, ou fantasías mediante o debuxo e producións plásticas. Achegamento ao uso de distintos materiais e técnicas. Valoración progresiva de diferentes tipos de obras plásticas. • Exploración e uso da voz, o propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Recoñecemento de sons cotiáns e por contraste (longo-curto, forte-suave, agudo-grave). Audición de obras musicais. Participación activa e goce no uso do silencio, son, cancións, xogos musicais ou danzas. • Uso dos recursos corporais, xestos e movementos, ao servizo da expresión, representación e dramatización de tarefas, sentimentos, emocións, vivencias,... Representación espontánea de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos. Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal. <p>BLOQUE 3º. A linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como o ordenador. Manexo progresivo do rato en diferentes xogos educativos adaptados á súa idade. • Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Iniciación na valoración crítica dos seus contidos. Distinción progresiva entre representación e realidade. Representacións visuais na contorna infantil que atenden a aspectos emotivos e interculturais • Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.
<p>Infantil 5 anos</p>	<p>BLOQUE 1º. A linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escotar: comprensión de ordes relacionadas con rutinas, tarefas e saúdos asociadas ou non ao xesto; comprensión da idea global de mensaxes e textos orais nos que se inclúe un vocabulario básico de conceptos do corpo, a contorna, lugares e accións; seguir narracións, escenas de películas, participar en xogos e cancións;

seguir unha conversa cando se fala nun contexto limitado de temas coñecidos. Curiosidade e interese polo descubrimento e coñecemento progresivo do funcionamento da lingua oral.

- Falar: saúdo co xesto e sen el; nomear o vocabulario básico de conceptos, accións e espazos; describir obxectos. Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico preciso e variado, estruturación gramatical correcta, entonación adecuada e pronunciación clara. Uso e valoración da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos; para expresar e comunicar ideas e sentimentos e para regular a propia conduta e a dos demais. Actitude positiva cara á lingua propia e a estranxeira.

- Conversar: participación nun diálogo dun tema coñecido, iniciar e cortar a conversación, facer demandas e contestar á resposta. Uso das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto, inicio e conclusión dunha conversación. Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.

- Ler: comprensión de viñetas, contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas, xornais, sinais de tráfico... Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Percepción de diferenzas e semellanzas. Identificación de palabras escritas moi significativas e usuais: asociar imaxe a palabra. Aproximación ao uso da lingua escrita como medio de comunicación, información e goce. Interese por explorar algúns dos seus elementos. Iniciación ao coñecemento do código escrito. Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.

- Escribir: Escritura de palabras relevantes asociadas a imaxes, persoas e obxectos. Respecto aos aspectos formais da escritura asociados á orientación, a colocación do papel e o manexo do útil e o trazo cada vez máis preciso e lexible. Uso da escritura cunha finalidade real. Uso do vocabulario específico para referirse a elementos básicos que configuran o texto escrito (título, portada, ilustración, palabra, letra...).

- Achegamento ao pracer da lectura a través da escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñas; relato de pequenas historias a partir das súas vivencias, contos, imaxes; recitado dalgúns

textos de carácter poético, folclóricos ou de autor, gozando do ritmo e a rima; participación creativa en xogos lingüísticos; dramatización de textos literarios e goce e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos; interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións. Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións, lidas por outras persoas. Valoración e uso da biblioteca como espazo de entretenimento e goce e actitude de colaboración no seu coidado.

BLOQUE 2º.Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal

- Experimentación e descubrimento dos elementos da linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo...); Expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias, ou fantasías mediante o debuxo e producións plásticas. Achegamento ao uso de distintos materiais e técnicas. Valoración progresiva de diferentes tipos de obras plásticas.
- Exploración e uso da voz, o propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Recoñecemento de sons cotiáns e por contraste (longo-curto, forte-suave, agudo-grave). Audición de obras musicais. Participación activa e goce no uso do silencio, son, cancións, xogos musicais ou danzas, ao servizo da interpretación.
- Uso dos recursos corporais, o mimo-xestos e movementos-, ao servizo da expresión, representación e dramatización de tarefas, sentimentos, emocións, vivencias,... Representación espontánea de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos. Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

BLOQUE 3º. A linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e imaxe: aceso e apagado; uso de iconos –abre e pecha fiestras-, executa un programa; seguimento dun itinerario co rato; uso do teclado; manexa con autonomía programas coñecidos ata si requiren CD externo; recoñece e utiliza programas sinxelos de debuxo; utiliza programas con persoais que propoñen exercicios diversos; segue enlaces en situacións de navegación controlada.

- | | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">• Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética. Distinción progresiva entre representación e realidade. Representacións visuais na contorna infantil que atenden a aspectos emotivos e interculturais.• Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación. |
|--|--|

6. ACTIVIDADES.

No plantexamento das actividades hai que ter en conta que o/a neno/a ten que ser o protagonista e construtor das súas aprendizaxes. Algúns dos requisitos que deben cumprir as actividades son: axeitadas aos obxectivos plantexados, motivadoras, cunha metodoloxía lúdica e activa, con carácter globalizador, adaptadas ás necesidades do alumnado, que teñan en conta diferentes agrupamentos, etc. Segundo esto faremos actividades:

- LÓXICO MATEMÁTICAS

As actividades que traballaremos neste ámbito terán un carácter manipulativo e constructivo, respectando sempre os ritmos do alumnado.

Empregaremos o conteo, estimacións, comparacións, as series tendo en conta un ou varios elementos diferenciadores, relacionaremos as grafías dos números coa cantidade que representan, faremos conxuntos, completaremos puzzles, o calendario, unha lista da compra con ingredientes e cantidades para poder realizar unha receta, xogar as tendas, traballo con regletas, actividades de subitización, os dados, o dominó, pentominos, parquetry...

Nas rutinas diarias tamén incidimos nos aspectos lóxico-matemáticos a través do emprego do calendario, conteo do número de alumnado, estatística do tempo meteorolóxico, etc.

- LINGUAXE

A través do traballo individual, en gran grupo e no recuncho de linguaxe faranse actividades de: recoñecemento dos diferentes

fonemas (comezando polos seus nomes), conciencia fonolóxica, segmentación de palabras, grafomotricidade, escritura espontánea, asociación de imaxe-palabra...

Na asemblea traballaranse as conversas para axudar ao desenvolvemento da linguaxe oral, aprender a esperar o turno e escoitar aos demais.

Usaremos os contos, especialmente os que permiten realizar onomatopeias, os que encadean accións que recordar, os que teñen un final aberto que podemos inventar, fomentando que cada nen@ se exprese e adquira un novo vocabulario. Tamén empregaremos rimas, trabalinguas, adiviñas...

- **EXPRESIÓN ARTÍSTICA**

En Educación Infantil traballamos a expresión **plástica** a través de actividades con material da aula, reciclado ou obtido da natureza; faranse actividades de libre creación, debuxo, estampacións, collages, modelaxe, construcións, troquelados, rasgado...

Ademáis favorecerase o desenvolvemento da creatividade realizando producións con elementos da nosa contorna máis próxima (follas, paus, pedras, cunchas, ...), e tamén coa creación de mini mundos con elementos non estruturados.

A mesa sensorial servirá para explorar e manipular diferentes texturas e elementos: area, auga, fariña, neve artificial, sal, etc, e facer composicións con eles.

Música: introduciremos na aula cancións en lingua de signos, en lingua galega e inglés para incorporar novo vocabulario, melodías para traballar os ritmos e os diferentes instrumentos. A música serviranos tamén de axuda para actividades motrices como bailes ou xogos de son e silencio... E aproveitaremos o noso propio corpo como instrumento: a voz, percusión e movementos corporais.

- **ACTIVIDADES PSICOMOTRICES**

As actividades motrices faranse respectando o ritmo madurativo dos nen@s, plantexando actividades que favorezan a integración sensorial, circuitos motores para traballar a lateralidade e distintas formas de desprazamentos, sesións de ioga , prácticas de mindfulness, exercicios que favorezan os cruces da liña media do corpo, prácticas de ritmo e percusión corporal e con obxectos, instalacións artísticas. Todo esto tendo especial coidado co material empregado e respectando as medidas hixiénicas que se establecen no protocolo COVID.

- **TIC**

As TIC son un elemento fundamental para atender a diversidade de alumnado e coas que se traballan habilidades de coordinación oculo-manual, cognitivas, de linguaxe, sociais, emocionais... empregando actividades lóxico-matemáticas,, lectoescritura, música... Iniciaremos ao alumnado nas TIC en cada aula co ordenador de sobremesa e coa PDI.

7. TEMPORALIZACIÓN

Na organización temporal do proceso de ensinanza- aprendizaxe do alumnado hai que ter en conta unha serie de aspectos básicos.

Por unha banda, a lexislación educativa, entre a que atopamos a orde do calendario escolar, as conmemoracións, distribución do horario lectivo, etc.

E por outra parte, o respecto as necesidades e os ritmos de maduración do alumnado, para poder planificar diferentes proxectos e propostas.

Debido a situación de emerxencia sanitaria a organización temporal ten en conta os tempos adicados ó fluxo de movementos na escola, e de hixiene, tanto do alumnado como dos espazos e mobiliario do centro.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁREA COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- 1.1 .Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- 1.2. Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- 1.3. Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- 1.4. Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- 1.5. Identificar semellanza e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- 1.6. Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- 2.1. Participar en xogos mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- 2.2. Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- 3.1. Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- 4.1. Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- 4.2. Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

Infantil 3 anos	<ol style="list-style-type: none">1. Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal, das destrezas motoras e habilidades manipulativas.2. Iniciarse na realización de tarefas.3. Expresar sentimentos e emocións.4. Realizar autónomamente actividades habituais para satisfacer necesidades básicas.5. Colaborar a crear unha contorna agradable e un ambiente favorecedor de saúde e benestar.
Infantil 4 anos	<ol style="list-style-type: none">1. Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal, das destrezas motoras e habilidades manipulativas.2. Realizar as tarefas con seguridade e confianza.3. Expresar sentimentos e emocións, comprender e interpretar os dos outros.

	<p>4. Realizar autónomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas, consolidando progresivamente algúns hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.</p> <p>5. Colaborar, cos outros, a crear unha contorna agradable e un ambiente favorecedor de saúde e benestar.</p>
Infantil 5 anos	<p>1. Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal, das destrezas motoras e habilidades manipulativas, e un control crecente do seu corpo.</p> <p>2. Realizar as tarefas con seguridade e confianza e valorar as actuacións propias e dos outros.</p> <p>3. Expresar sentimentos e emocións, comprender e interpretar os dos outros e contribuír á convivencia.</p> <p>4. Realizar autónomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas, consolidando progresivamente hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.</p> <p>5. Colaborar, cos outros, a crear unha contorna agradable e un ambiente favorecedor de saúde e benestar.</p>

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

1.1. Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.

1.2. Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.

1.3. Propoñer e resolver problemas sinxelos.

1.4. Empregar e comparar magnitudes de peso, lonxitude e capacidade coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás.

1.5. Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos –liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos...

1.6. Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental.

1.7. Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.

2.1. Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes,

establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conserva-la.

2.2. Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos.

3.1. Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.

3.2. Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.

3.3. Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

Infantil 3 anos	<ol style="list-style-type: none">1. Identificar e nomear compoñentes da contorna natural.2. Agrupar elementos básicos da contorna natural segundo sinxelos criterios.3. Coñecer persoas e algúns colectivos da súa contorna observando características básicas do seu comportamento.4. Participar na elaboración das normas.
Infantil 4 anos	<ol style="list-style-type: none">1. Identificar e nomear compoñentes da contorna natural; establecer relacións sinxelas de interdependencia. Comezar a demostrar interese polo seu coñecemento e participar de forma activa en actividades de conservación da natureza.2. Agrupar, clasificar e ordenar progresivamente elementos da contorna natural segundo distintos criterios e iniciar a súa cuantificación e interpretación.3. Coñecer e identificar progresivamente persoas e colectivos da súa contorna recoñecendo características básicas do seu comportamento e actuación na comunidade.4. Participar progresivamente na elaboración das normas verbalizando algúns efectos positivos do seu cumprimento para a convivencia.
Infantil 5 anos	<ol style="list-style-type: none">1. Identificar e nomear compoñentes da contorna natural; establecer relacións sinxelas de interdependencia. Demostrar interese polo seu coñecemento e participar de forma activa en actividades de conservación da natureza.

2. Agrupar, clasificar e ordenar elementos da contorna natural segundo distintos criterios e iniciar a súa cuantificación e interpretación.
3. Coñecer, identificar e describir persoas e colectivos da súa contorna identificando características básicas do seu comportamento e actuación na comunidade.
4. Participar na elaboración das normas verbalizando verbalizando os efectos positivos do seu cumprimento para a convivencia.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1.1 Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoa adultas, segundo as intencións comunicativas.

1.2 Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

2.1 Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos situacións habituais de comunicación.

3.1 Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.

3.2 Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.

3.3 Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non–, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, entretemento...

3.4 Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

3.5 Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento.

4.1 Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

4.2 Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

5.1 Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e

audiovisuais	
Infantil 3 anos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Utilizar a lingua oral propia e estranxeira para comunicarse. 2. Comprender mensaxes orais diversos con actitude de escoita. 3. Mostrar interese polos textos escritos presentes no aula e na contorna próxima, iniciándose no seu uso. 4. Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios. 5. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, explorando as súas posibilidades e gozando coas súas producións. 6. Iniciarse no uso do ordenador como vehículo de expresión e comunicación.
Infantil 4 anos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Utilizar a lingua oral propia e estranxeira para interactuar con iguais e con adultos e participar en conversacións. 2. Comprender mensaxes orais diversos, mostrando unha actitude de escoita e comunicación atenta e respetuosa. 3. Mostrar interese polos textos escritos presentes no aula e na contorna próxima, iniciándose no seu uso e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. 4. Interesarse e participar progresivamente nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula. Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios. 5. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades e por gozar coas súas producións. 6. Usar o ordenador como vehículo de expresión e comunicación.
Infantil 5 anos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Utilizar a lingua oral propia e estranxeira para interactuar con iguais e con adultos e participar en conversacións. 2. Comprender mensaxes orais diversos, mostrando unha actitude de escoita e comunicación atenta e respetuosa.

- | | |
|--|---|
| | <ol style="list-style-type: none">3. Mostrar interese polos textos escritos presentes no aula e na contorna próxima, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.4. Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios.5. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas.6. Usar o ordenador como vehículo de expresión e comunicación. |
|--|---|

9 INDICADORES DE AVALIACIÓN

4º EDUCACIÓN INFANTIL	
INDICADORES ANUALES OBSERVABLES E DE PROMOCIÓN	
	<p>O corpo e a propia imaxe</p> <p>Sinala as partes principais do seu corpo.</p> <p>Nomea as partes do corpo sobre si mesmo/a e sobre as outras persoas.</p> <p>Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.</p>
COÑEC	Ten unha boa coordinación de movementos.
EME	Discrimina silencio-son.
NTO	É quen de manifestar verbalmente o seu agrado ou molestia ante determinadas
DE	situacións.
SI	É quen de solicitar axuda cando a precisa.
MES	Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.
MO	Xogo e movemento
E	Recolle e coloca os obxectos habituais da clase.
AUT	Supera o feito de non gañar nos xogos de competición.
ONC	Intégrase en xogos de grupo.
MÍA	A actividade cotiá
PER	Coñece e respecta as normas da escola.
SOA	Actúa autonomamente.
L	Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan.
	Respecta os compañeiros e compañeiras e persoas adultas.
	Remata as tarefas e actividades que empeza.
	Ten interese por manter un aspecto limpo e aseado/a.
	O coidado persoal e a saúde
	Amosa cautela ante situacións descoñecidas.
COÑEC	Medio físico: elementos, relacións e medida
EME	Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen.
NTO	Agrupar os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.
DO	Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.
CON	Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá.
TOR	Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo.
NO	Achegamento á natureza
	Ten curiosidade por todo o que o rodea.

	<p>Cultura e vida en sociedade</p> <p>Nomea os membros da súa familia.</p> <p>Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade.</p>
<p>LINGU AXE S: CO MUN ICA CIÓ N E REP RES ENT ACI ÓN</p>	<p>Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar.</p> <p>Exprésase con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.</p> <p>Emprega con precisión o vocabulario que posúe.</p> <p>Usa frases de construción sinxela.</p> <p>Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura</p> <p>Recoñece o seu nome.</p> <p>Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros.</p> <p>Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.</p> <p>Linguaxe artística: Plástica</p> <p>Amosa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas.</p> <p>Traballa con interese con calquera tipo de material.</p> <p>Linguaxe artística: Musical</p> <p>Participa con interese en actividades expresivas musicais.</p> <p>Linguaxe artística: Corporal</p> <p>Descobre as posibilidades expresivas corporais do seu propio corpo.</p> <p>Linguaxe audiovisual e TIC</p> <p>Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.</p> <p>Manexa o rato do ordenador.</p>
<p>LINGU A EXT RAN XEI RA: ING LÉS</p>	<p>Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.</p> <p>Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</p>

RELIXI ÓN	<p>Identifica algúns costumes e tradicións propias do Nadal.</p> <p>Amosa alegría e ganas de participar nas festas.</p> <p>Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula.</p> <p>Amosa unha actitude de axuda e colaboración cara aos amigos e amigas.</p> <p>Entende o significado e a importancia dos agasallos e o valor que teñen no compartir.</p> <p>Amosa actitudes de agradecemento cara ás persoas que nos queren e nos coidan.</p>
----------------------	---

5º EDUCACIÓN INFANTIL	
	INDICADORES ANUALES OBSERVABLES E DE PROMOCIÓN
COÑEC EME NTO DE SI MES MO E AUT ONC MÍA PER SOA L	<p>O corpo e a propia imaxe</p> <p>Recoñece e acepta as súas características persoais.</p> <p>Chega á representación completa do esquema corporal.</p> <p>Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.</p> <p>Identifica os sentidos e os seus órganos como fontes de sensacións para o descubrimento propio e do seu contorno.</p> <p>Ten iniciativa e intenta executala.</p> <p>Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas.</p> <p>Contrólase e cálmase facilmente.</p> <p>Solicita axuda para resolver conflitos.</p> <p>Xogo e movemento</p> <p>Presenta unha boa motricidade fina.</p> <p>Amosa interese polos xogos cooperativos.</p> <p>A actividade cotiá</p> <p>Coñece e respecta as normas da escola.</p> <p>Actúa autonomamente.</p> <p>Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan.</p> <p>Respecta os compañeiros e compañeiras e persoas adultas.</p> <p>Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.</p> <p>Amósase ordenado/a nas súas tarefas.</p> <p>Remata as tarefas e actividades que empeza.</p> <p>Soluciona pequenos problemas da vida cotiá.</p> <p>O coidado persoal e a saúde</p> <p>É autónomo/a no coidado de si mesmo/a.</p>

<p>COÑE EME NTO DO CON TOR NO</p>	<p>Medio físico: elementos, relacións e medida</p> <p>Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións.</p> <p>Describe propiedades e características de obxectos ou coleccións atendendo a diversos criterios.</p> <p>Asocia algúns números coas cantidades que representan.</p> <p>Compara e ordena axeitadamente as cantidades.</p> <p>Diferenza os días da semana en relación coas actividades que se fan habitualmente.</p> <p>Achegamento á natureza</p> <p>Descobre aspectos novos a través das súas observacións.</p> <p>A observación lévao a formular interrogantes e a buscar explicacións.</p> <p>Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos.</p> <p>Cultura e vida en sociedade</p> <p>Comprende e sabe explicar as relacións máis básicas entre familiares.</p> <p>É quen de transmitir mensaxes da escola á casa e da casa á escola.</p> <p>Participa e recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno.</p>
<p>LINGU AXE S: CO MUN ICA CIÓ N E REP RES ENT ACI ÓN</p>	<p>Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar</p> <p>Participa activamente nas conversas da aula.</p> <p>Exprésase con frases correctas e terminadas.</p> <p>Comprende a idea central dunha explicación.</p> <p>Linguaxe verbal: Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura</p> <p>Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno.</p> <p>Formula hipóteses sobre o que pode estar escrito en diferentes textos.</p> <p>Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións.</p> <p>Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información.</p> <p>Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p> <p>Linguaxe artística: Plástica</p> <p>Amosa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas.</p> <p>Traballa con interese con calquera tipo de material.</p> <p>Linguaxe artística: Musical</p> <p>Participa con interese en actividades expresivas musicais.</p> <p>Linguaxe artística: Corporal</p> <p>É orixinal na súa expresión corporal.</p>

	<p>Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.</p> <p>Linguaxe audiovisual e TIC</p> <p>Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.</p> <p>É quen de prender e apagar o ordenador.</p> <p>Identifica e usa as iconas para acceder aos programas</p>
LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS	<p>Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.</p> <p>Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</p>
RELIXIÓN	<p>Identifica algúns costumes e tradicións propias do Nadal.</p> <p>Amosa alegría e ganas de participar nas festas.</p> <p>Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula.</p> <p>Amosa unha actitude de axuda e colaboración cara aos amigos e amigas.</p> <p>Entende o significado e a importancia dos agasallos e o valor que teñen no compartir.</p> <p>Amosa actitudes de agradecemento cara ás persoas que nos queren e nos coidan.</p>

INDICADORES ANUALES OBSERVABLES E DE PROMOCIÓN

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

O corpo e a propia imaxe

Debuxa a figura humana respectando as proporcións.

É capaz de coordinar a súa acción coa das demais compañeiras e compañeiros cando o xogo o require.

Verbaliza as súas percepcións.

Actúa por iniciativa propia.

Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc., independentemente do xénero.

Resolve positivamente os conflitos cotiáns, regulando os seus impulsos e emocións.

Xogo e movemento

Presenta unha boa motricidade fina.

Oriéntase e localiza lugares significativos.

Participa nos xogos cunha postura colaborativa e non dominante nin submisa.

A actividade cotiá

Coñece e respecta as normas da escola.

Participa activamente nas actividades e tarefas.

Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan.

Respecta os compañeiros e compañeiras e persoas adultas.

Esfórzase na realización das tarefas.

Fai propostas de actividades para realizar.

O coidado persoal e a saúde

Procura manter limpos os espazos.

Ordena o que ve desordenado.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Medio físico: elementos, relacións e medida

Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións.

Recoñece con que criterio se estableceu unha colección.

Identifica os diferentes usos e funcións dos números.

Le cantidades empregando diferentes estratexias.

Busca estratexias para resolver situacións problemáticas.

Realiza cálculos mentais sinxelos.

Emprega instrumentos de medida convencionais e arbitrarios en situacións significativas.

Recoñece aspectos xeométricos das figuras xeométricas: rectángulos, cadrados, triángulos, círculos (lados, forma...).

Iniciouse no emprego do calendario para sinalar feitos significativos da súa vida.

Achegamento á natureza

Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.

Cultura e vida en sociedade

Conta cousas das súas experiencias familiares.

Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...).

Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	<p>Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar. Fai achegas coherentes ás conversas en grupo. Ten unha linguaxe fluída. Comprende ordes complexas que implican dúas ou tres accións consecutivas.</p> <p>Linguaxe verbal: Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura Asocia producións escritas con significados. Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información. Reescribe, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos. Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p> <p>Linguaxe artística: Plástica Amosa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas. Fai valoracións estéticas. Traballa con interese con calquera tipo de material.</p> <p>Linguaxe artística: Musical Participa con interese en actividades expresivas musicais.</p> <p>Linguaxe artística: Corporal Coordina as súas accións corporais coas das demais nenas e nenos. Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.</p> <p>Linguaxe audiovisual e TIC Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC. Fai uso do ordenador na produción de textos, a través de programas de edición de textos.</p>
LINGUA ESTRANXEIRA	<p>Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira. Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</p>
RELIXIÓN	<p>Identifica algúns costumes e tradicións propias do Nadal. Amosa alegría e ganas de participar nas festas. Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula. Amosa unha actitude de axuda e colaboración cara aos amigos e amigas. Entende o significado e a importancia dos agasallos e o valor que teñen no compartir. Amosa actitudes de agradecemento cara ás persoas que nos queren e nos coidan.</p>

10. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Segundo a Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación na educación infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo. Formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

A avaliación enténdese como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, análises do proceso de ensino e da práctica docente, e análise do propio Proxecto Curricular.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS E AS ALUMNAS

As características da avaliación en Educación Infantil (global, continua e formativa) permiten ao profesorado desta etapa encauzar a súa acción educativa facilitando ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno e pícara alcance o máximo desenvolvemento posible nas súas capacidades de acordo coas súas posibilidades.

Avaliar consiste en realizar un seguimento ao longo do proceso educativo que permita poñer en relación os criterios de avaliación, asociados ás capacidades que se pretenden desenvolver, coas

características e posibilidades do alumno, orientando e reconducindo o proceso de ensino e aprendizaxe. O referente para establecer os criterios de avaliación constitúeno os obxectivos xerais, os obxectivos das áreas e os contidos, así como as competencias básicas.

Entre os **PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN**, a observación directa e sistemática convértese nun instrumento de primeira orde, permitindo ao profesorado realizar o seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a súa intervención educativa en función dos datos obtidos.

Como **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** que permitirán recoller de xeito organizado información individual sobre o devandito proceso e, por conseguinte proporcionar datos globais e pautas de actuación con cada alumno, utilizaranse os seguintes elementos:

- O diario de aula/táboas de recollida de información
- Fotos, vídeos, etc.
- As conversas co alumnado.
- As situacións de xogo.
- As producións dos nenos e das nenas.

A avaliación concíbese e practícase do seguinte xeito:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno, tendo en conta a súa situación inicial e particularidades.

- **Integradora**, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **Continua**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Dentro desta contémpanse tres modalidades:
 - *Avaliación inicial*. Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, dándonos unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e as características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
 - *Avaliación de proceso*. Realízase dun xeito continuo durante o mesmo proceso de ensino-aprendizaxe, observando e valorando os progresos e as dificultades de cada alumno/a, co fin de axustar a intervención ás necesidades individuais, establecendo as medidas de axuste e axuda que se consideren adecuadas.
 - *Avaliación final*. Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.
- **Formativa**: permite orientar o proceso de ensino-aprendizaxe e tomar as decisión oportunas para beneficiar os/as alumnos/as. Proporciona a información precisa para axustar obxectivos, revisar

plans, programas, métodos, recursos... (ver AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE)

Os resultados obtidos reflíctense por escrito nos seguintes documentos:

- **Informe de avaliación inicial**, para os nenos e nenas de novo ingreso. (anexo I)
- **Informe persoal**, no que se recollen os datos do alumnado. (anexo II)
- **Informe trimestre** que se entregará as familias a través da aplicación abalarMóvil
- **Informe anual de avaliación individualizado**, que se cubre ao terminar cada curso. (anexo III)
- **Informe individualizado de final de ciclo**, que se cubre ao terminar a etapa de E.I. (anexo IV)
- **Informe de resumo da escolaridade**, que se cubre curso a curso. (anexo V)

*Aparecen modelos destes informes nos anexos

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da intervención educativa, permite constatar que aspectos da mesma favoreceron a aprendizaxe e en que outros deben introducirse modificacións ou melloras. Algúns dos aspectos aos que atenderá son os seguintes:

1. Planificación das tarefas:

- Valoración da planificación realizada, analizando os resultados obtidos en función dos esperados.
- Organización dos espazos, tempos e materiais.
- Adecuación das programacións e as medidas de reforzo.

2. Participación:

- Relación familia-escola. Colaboración e implicación dos pais.
- Relación entre os alumnos/as, e entre estes e os profesores.

3. Organización e coordinación do equipo:

- Ambiente de traballo e participación.
- Clima de consenso e aprobación de acordos.
- Implicación dos membros.
- Proceso de integración no traballo.
- Distinción de responsabilidades.

11. METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

Creemos que o proceso de ensino-aprendizaxe na educación infantil debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento de cada neno/a, das súas características e necesidades persoais, dos intereses individuais e dos distintos estilos cognitivos.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas que permitan ao neno/a establecer relacións entre as súas experiencias e coñecementos previos e as novas aprendizaxes, partindo do global e da vivencia.
- Crear un ambiente afectivo cálido, acolledor, ordeado e seguro onde o alumno móstrese colaborador e desenvolva comportamentos desexables, fomentando o desenvolvemento dunha autoestima positiva e estimulando ao neno a observar, manipular, experimentar, investigar, expresarse, preguntar..., en definitiva, a descubrir por si só.
- Utilizar diferentes linguaxes e materiais multisensoriais que estimulen a creatividade e a actividade mental e física do alumnado.
- Propoñer actividades fundamentalmente lúdicas, adecuadas ás súas características, capacidades e intereses, variadas e flexibles para asegurar a súa motivación e interese e responder ás necesidades. A súa estrutura debe asegurar o desenvolvemento de diferentes procesos asociados á asemblea, o traballo individual e o compartido, o estímulo e a resposta ás iniciativas individuais, o descanso ou o traballo. Deben permitir diferentes respostas e grados de consecución, atender ao desenvolvemento de diferentes habilidades e suscitar retos e ocasións de éxito para fomentar unha autoestima positiva.

- Utilizar a linguaxe tanto libre como dirixida para o desenvolvemento das diferentes dimensións emocionais, intelectuais e sociais da personalidade á vez que se mantén alta a motivación por aprender.
- Procurar equilibrar a realización de actividades novas e variadas, que manteñan o interese e a curiosidade, con outras máis rutinarias ou reiterativas, indispensables nesta etapa para a formación de hábitos e a automatización das condutas.
- Potenciar o traballo cooperativo suscitando actividades que posibiliten a interacción alumno-alumno e alumno-adulto.

Segundo anteriores requisitos, os **principios que deben orientar a nosa práctica educativa** son os seguintes:

- **METODOLOXÍA ACTIVA**

Supón atender aos variados aspectos que favorecen un adecuado clima de participación no aula que permita ao alumno ser o protagonista da súa propia aprendizaxe: observar, experimentar, investigar, expresarse, preguntar...; isto é, velar pola integración activa dos alumnos/as na dinámica xeral do aula para que as súas aprendizaxes sexan *sinificativas, globais e activas*.

Aprendizaxe significativo: Entendemos que todos os coñecementos se apoién nos anteriores, nas súas experiencias previas.

Globalización: Podemos entendelo de dúas maneiras:

- Relacionar ó redor dun tema todas as outras áreas. Sería un plantexamento interdisciplinar.
- Un plantexamento máis aberto sería tendo en conta que ten que haber un contacto coa realidade e que ese contacto produza un interese. Así teríamos un desenvolvemento global da persoa a todos os niveis: social, cognitivo, intelectual, afectivo, motriz e de inserción social.

Principio de actividade: Consiste nun proceso interno, constructivista, do neno e da nena non que teñen que:

- planificar.
- relacionar.
- reflexionar sobre a súa acción.
-

Queremos pretender que as súas aprendizaxes sexan significativas de xeito que todos os coñecementos se apoiem nos anteriores, nas súas experiencias previas, o que implica o uso dunha metodoloxía activa e dende unha perspectiva constructivista para conseguir que os nenos e nenas sexan os protagonistas das súas propias aprendizaxes e adquisicións e que estos poidan ser integrados na súa estrutura cognitiva por ser motivadores, por ter ese contido significativo e porque se apoian nos coñecementos previos, e dicir , unha metodoloxía baseada no **TRABALLO POR PROXECTOS**.

Ao **traballar por proxectos** os alumnos e alumnas aprenden investigando, experimentando e vivindo todos e cada un dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, ademais de contar coa motivación extra de que, nacen e xurden dos seus propios intereses e inquietudes. Con un proxecto, podemos traballar todas as áreas curriculares, mentres os nenos e nenas están fascinados e motivados, porque son eles e elas os/as que propoñen, deciden, planifican, organizan, fan, revisan, comparten, debaten, interactúan..., senten interese e curiosidade, relacionan o novo co que xa saben, nun clima relacional afectivo e emocional. En definitiva, son autónomos e protagonistas do propio proceso de aprendizaxe. Métese tanto no tema, que non se decatan de todo o que están interiorizando, da cantidade de ideas e conceptos que están asimilando, nin da construción tan importante que están

facendo da súa aprendizaxe, ao mesmo tempo que desfrutan e o pasan ben.

Traballando nesta liña, tamén se favorecen as relacións sociais e, con elas, as normas sociais de convivencia e valores tan importantes como a cooperación e o respecto, xa que estes proxectos facilitan o traballo en pequenos grupos e, por tanto, axúdalles a aprender a organizar o traballo, as ideas e a repartir responsabilidades.

- *MOTIVACIÓN*

Tomando como punto de partida o nivel de desenvolvemento dos alumnos/as e as súas aprendizaxes previas, propóranse situacións de aprendizaxe que teñan sentido para eles, partindo dos seus intereses, demandas, necesidades e expectativas. Tamén é importante un ambiente lúdico e o fomento do traballo en grupo

- *AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE*

É necesaria a gradación das actividades en función do desenvolvemento evolutivo propio da etapa, partindo do modelado e a aprendizaxe guiada, ata conseguir unha práctica autónoma tendo en conta que deben aparecer en último lugar aquelas que requiran un maior grado de habilidade e autonomía. O respecto dunhas normas básicas sobre o traballo. Os nenos/as empezan a ser capaces de adoptar unha postura adecuada para realizalo, segundo o tipo de actividade e os agrupamentos; de xeito progresivo van adaptando o seu ritmo de traballo aos tempos marcados para cada tipo de actividade; aprenden a regular a súa conduta e a súa actividade para

adaptala aos diferentes espazos e habitúanse a usar os materiais e os recursos de forma ordenada e coidadosa.

- *PROGRAMACIÓN CÍCLICA*

Perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

- *ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO*

A intervención educativa en Educación Infantil asume, como un dos seus principios básicos, a atención ás características individuais de cada un dos alumnos/as, os seus diferentes ritmos de maduración e aprendizaxe, así como os seus distintos intereses, motivacións e capacidades. Así mesmo a Educación Infantil é clave para previr e detectar dificultades de aprendizaxe e para compensar ambientes sociais deficitarios.

- *SENSIBILIDADE POLA EDUCACIÓN EN VALORES.*

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que favorecen o desenvolvemento de capacidades, actitudes, hábitos e condutas positivas en relación con: a autonomía e o adecuado manexo da afectividade, a comunicación, a relación cos demais, a adquisición de responsabilidades, a asunción das normas sociais, o coidado da natureza e o medio ambiente.

- *RELACIÓN COAS FAMILIAS*

